

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da educación



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Edición:

Observatorio da Lingua Galega. 2008

Elaboración:

EOSA Consultores

Estrategia y Organización, S.A.

Diseño e maquetación:

EOSA Consultores

Estrategia y Organización, S.A.

* AGRADECEMENTOS

Queremos expresar o noso máis profundo agradecemento a todas as asociacións e organizacións que participaron desinteresadamente nos paneis de escoita do ámbito da educación expresando a súa opinión e o seu punto de vista acerca da situación da lingua neste ámbito. A súa colaboración achegou interesantes reflexións e ideas sobre este tema que resultaron de moita utilidade á hora de extraer as conclusións xerais neste informe, ademais de servir de complemento aos datos tirados da realización de enquisas á educación.

- ANPA CPR Ntra. Sra. de los Dolores
- CEIP A Xunqueira n.º 1
- CEIP Álvarez Limeses
- CEIP Campolongo
- CPR La Salle
- CPR Manuel Peleteiro
- CPR Sagrado Corazón de Jesús
- CPR Santa Apolonia
- Federación provincial de Anpas de Pontevedra
- IES Arcebispo Xelmírez II
- IES As Fontiñas
- IES Rosalía de Castro
- IES San Clemente
- Universidade da Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo

A todos/as, moitas grazas.



ÍNDICE DE CONTIDOS

1. PRESENTACIÓN.....	7
2. INTRODUCCIÓN.....	9
2.1 Obxectivos e finalidades	9
2.2 Antecedentes no estudo da situación da lingua galega no ámbito da educación	10
2.3 Referencias lexislativas sobre a lingua galega	10
2.4 O Plan xeral de normalización da lingua galega.....	14
3. METODOLOXÍA.....	17
3.1 Consideracións xerais	17
3.2 Deseño da mostra	17
3.3 Realización do traballo de campo	18
3.4 Deseño e estrutura da enquisa	19
3.5 Saída de datos	20
3.6 Proposta dun sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da educación	20
3.6.1 Finalidade e obxectivos do sistema de indicadores..	20
3.6.2 Criterios para a selección de indicadores	21
3.6.3 Sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da educación	21
3.7 Paneis de escoita.....	25
4. SUBÁMBITO DO ENSINO NON UNIVERSITARIO... 29	
4.1 Introducción	29
4.2 Metodoloxía.....	31
4.2.1 Consideracións xerais	31
4.2.2 Deseño da mostra	31
4.2.3 Realización do traballo de campo e saída de datos.....	33
4.3 Análise dos usos lingüísticos	33
4.4 Normas e criterios de uso lingüístico	67
4.5 Opinións e actitudes lingüísticas.....	72
4.6 Competencias lingüísticas	87
4.7 Uso de linguas estranxeiras.....	91

4.8	Índice de normalización lingüística.....	93
4.9	Conclusións	94
5.	SUBÁMBITO DO ENSINO UNIVERSITARIO	99
5.1	Introdución.....	99
5.2	Metodoloxía.....	99
5.2.1	Consideracións xerais	99
5.2.2	Deseño da mostra	100
5.2.3	Realización do traballo de campo e saída de datos.....	100
5.3	Análise dos usos lingüísticos	101
5.4	Normas e criterios de uso lingüístico	110
5.5	Opinións e actitudes lingüísticas.....	117
5.6	Competencias lingüísticas.....	127
5.7	Uso de linguas estranxeiras	130

5.8	Índice de normalización lingüística	132
5.9	Conclusións.....	134
6.	ANÁLISE CUALITATIVA DOS RESULTADOS	137
6.1	Panel sobre os usos lingüísticos na educación infantil e primaria	137
6.2	Panel de escoita sobre os usos lingüísticos na educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos	141
6.3	Panel de escoita sobre os usos lingüísticos nas universidades	146
7.	INDICADORES LINGÜÍSTICOS PARA O ÁMBITO DA EDUCACIÓN	151
8.	CONCLUSIÓN FINAIS.....	153
9.	BIBLIOGRAFÍA	157
10.	ANEXOS	159

1. PRESENTACIÓN


A educación constitúe un dos ámbitos máis transcendentais para a transmisión e a aprendizaxe das linguas, ademais do fogar. Así pois, todas as persoas escolarizadas perfeccionan a súa propia lingua materna e aprenden outras nos centros de ensino e nas universidades. Nas comunidades bilingües como a galega, o ámbito educativo representa un lugar fundamental para o coñecemento activo das dúas linguas existentes, sen prexuízo doutras que se comezan a aprender nas escolas e se continúan mellorando ao longo da vida. Deste xeito, da maneira en que saibamos valorar a diversidade lingüística como unha riqueza que cómpre protexer e conservar e en como lle transmitamos isto ao alumnado dependerá en gran parte a supervivencia da nosa lingua e a extensión de usos na sociedade.

O estudo que a continuación se presenta forma parte do Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade. Esta iniciativa, impulsada dende a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, constitúese como a ferramenta capaz de poder detectar a evolución dos usos lingüísticos da sociedade ao longo do tempo.

Concretamente, o **Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade** é un traballo que nace cunha dobre finalidade: en primeiro lugar, como unha ferramenta que permita o seguimento permanente do Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado de forma unánime polo Parlamento galego; en segundo lugar, como un instrumento operativo e áxil que faga posible obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, e que ademais posibilite facer comparacións dos usos lingüísticos nos diferentes ámbitos da sociedade para, deste xeito, focalizar as actuacións a prol da lingua nos ámbitos en que sexa máis necesario e nos aspectos máis demandados. Así mesmo, un dos obxectivos do estudo é que permita constatar, mediante sucesivas observacións no tempo, o impacto das actuacións en materia de lingua na evolución dos usos lingüísticos dos colectivos beneficiados.

No Observatorio recóllense **oito ámbitos** de actuación, consonte os establecidos no Plan xeral de normalización da lingua galega (en diante PNL) e que son os seguintes: **administracións públicas, educación, medios de comunicación, economía e empresa, sanidade, tecido asociativo, sector das telecomunicacións e cidadanía.**

O informe que a continuación presentamos céntrase no ámbito de actuación da educación, e o que pretende é coñecer a situación do galego neste ámbito, tanto no ensino universitario coma no non universitario.



Este documento estrutúrase nas seguintes partes:

- **Introdución:** en primeiro lugar, inclúe unha pequena introdución en que se analizan varios aspectos: os obxectivos deste informe, algúns antecedentes no estudo da situación da lingua galega neste ámbito, as referencias lexislativas sobre a lingua galega e, por último, a inclusión deste ámbito no Plan xeral de normalización da lingua galega.
- **Metodoloxía:** deseguido, analízase a metodoloxía empregada para elaborar este traballo. É un apartado no que se tratan todas as cuestións referidas aos principios metodolóxicos utilizados neste estudo sobre os usos lingüísticos no ámbito da educación de Galicia.
- **Subámbito do ensino non universitario:** este subámbito trata os usos lingüísticos nos centros de ensino non universitario de Galicia.
- **Subámbito do ensino universitario:** aborda a presenza do galego nas tres universidades de Galicia.
- **Indicadores lingüísticos no ámbito da educación:** estes posibilitan unha comparativa dos indicadores obtidos para cada subámbito.
- **Conclusións finais:** este apartado recolle unha compilación dos puntos principais de cada subámbito, de xeito que sintetiza os aspectos fundamentais da situación do galego no ámbito da educación.
- **Bibliografía:** relaciona as obras e estudos consultados para a elaboración do presente informe.
- **Anexo:** no anexo inclúense os dous modelos de enquisa utilizados para coñecer os usos lingüísticos no ámbito da educación.

Finalmente, só cabe desexar que este traballo contribúa a facilitar o seguimento continuado e áxil dos usos lingüísticos no ámbito da educación. Da medida en que se logre este obxectivo dependerá que se poidan levar a cabo actuacións focalizadas nos eidos onde sexa máis necesario e mediante as accións máis axeitadas, de xeito que todo isto reverta positivamente no conxunto da cidadanía galega.

2. INTRODUCCIÓN

A educación desempeña un papel fundamental na nosa sociedade. O sistema educativo é o encargado de transmitir coñecementos, valores e actitudes, e debe ter como un dos seus obxectivos esenciais o pleno desenvolvemento das capacidades lingüísticas do alumnado, básicas para a aprendizaxe. Polo tanto, o contexto educativo é un dos máis axeitados para difundir as linguas e poñelas en valor, pois o estudo dunha lingua neste ámbito outórgalle prestixio. No caso de Galicia, a introdución do galego no ensino hai case trinta anos marcou un fito que supuxo un antes e un despois para esta lingua. Non obstante, a adquisición de competencias lingüísticas, mesmo nun contexto de educación formal, non implica un aumento do uso da lingua.

Os centros educativos, pois, deben contribuír á normalización lingüística mediante a eliminación de prexuízos, a promoción e o fomento do galego no seo dos propios centros, mais tamén, dada a súa capacidade de servir de exemplo, deben tratar de erixirse en modelos de convivencia e tolerancia lingüísticas no conxunto da sociedade. O recoñecemento do plurilingüismo como feito enriquecedor e frecuente na maior parte das sociedades do mundo debe permitírnos valorar a nosa realidade lingüística con información actualizada e libre de prexuízos.

2.1 Obxectivos e finalidades

Como xa se comentou anteriormente, a posta en funcionamento do Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia pretende dotar a Administración dunha ferramenta áxil e obxectiva que posibilite un seguimento da aplicación do PNL. Ao mesmo tempo, o Observatorio tamén se define como un instrumento que permite obter un coñecemento de primeira man sobre a situación da lingua galega na sociedade, cunha metodoloxía solvente e áxil.

No ámbito da educación a observación ten como obxectivo recoller datos acerca dos seguintes aspectos:

- Usos lingüísticos
- Normas e criterios de uso lingüístico



- Opinións e actitudes lingüísticas
- Competencias lingüísticas
- Uso de linguas estranxeiras

Estes cinco puntos analízanse nos dous subámbitos obxecto do presente estudo: ensino non universitario e ensino universitario.

A diferenza doutros traballos realizados ata o de agora, a finalidade é establecer con este estudo un punto de partida para, nun futuro, facer seguimentos e coñecer a evolución da situación lingüística no ámbito da educación en Galicia. Isto permitirá establecer un diagnóstico que posibilitará a adopción de medidas e a posta en marcha de accións para poder intervir nos aspectos en que cumpira.

2.2 Antecedentes no estudo da situación da lingua galega no ámbito da educación

O ámbito da educación é quizais o que máis estudos viu sobre a situación da lingua galega. No relativo ao ensino non universitario en 1992 Xosé Rubal Rodríguez dirixiu o estudo titulado *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario*, que abordaba a presenza do galego nos niveis educativos de preescolar e EXB. A Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, no ano 1998, realizou un estudo exhaustivo titulado *Estudio sobre o uso do idioma galego. Enquisa realizada ós centros de ensino de Galicia*, que, non obstante, nunca chegou a editar.

Máis recentemente, no ano 2003, o Consello da Cultura Galega dedicoulle ao ámbito da educación un dos volumes de *O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II: educación*.

O Mapa Sociolingüístico de Galicia, que manexa datos recollidos en 1992, dedícalle o segundo capítulo do volume *Usos lingüísticos en Galicia* ao ámbito da educación, así como un apartado do terceiro *As actitudes lingüísticas en Galicia*.

Polo que respecta ao ensino universitario, debemos destacar o estudo coordinado por Rodríguez Neira *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela (resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)*, publicado no ano 1998 pola propia universidade. Por outra banda, a Universidade de Vigo publicara un ano antes o *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Estudiantes, PAS e profesores*. Tamén a Universidade da Coruña publicou en 2005 a *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*. Trátanse os tres de estudos que teñen por obxecto coñecer a situación da lingua galega nas respectivas universidades.

2.3 Referencias lexislativas sobre a lingua galega

Na Lei de normalización lingüística (1983) no título III, Do uso do galego no ensino, afirmase o seguinte:

Artigo 12

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.

2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente Lei.

Artigo 13

1. Os nenos teñen dereito a recibir-lo primeiro ensino na súa lingua materna. O Goberno Galego arbitrará as medidas necesarias para facer efectivo este dereito.

2. As Autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promover-lo uso progresivo do galego no ensino.

3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razóns da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

Artigo 14

1. A lingua galega é materia de estudo obrigatorio en tódolos niveis educativos non universitarios. Garantirase o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados.

2. O Goberno Galego regulará as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudo obrigatorio da lingua galega. Ningún alumno poderá ser dispensado desta obriga se tivera cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia.

3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que o remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

Artigo 15

1. Os profesores e os alumnos no nivel universitario teñen o dereito a empregar, oralmente e por escrito, a lingua oficial da súa preferencia.

2. O Goberno Galego e as autoridades universitarias arbitrarán as medidas oportunas para facer normal o uso do galego no ensino universitario.

3. As autoridades educativas adoptarán as medidas oportunas co fin de que a lingua non constitúa obstáculo para facer efectivo o dereito que teñen os alumnos a recibir coñecementos.

Artigo 16

1. Nos cursos especiais de educación de adultos e nos cursos de ensino especializado nos que se ensine a disciplina de lingua, é preceptivo o ensino do galego. Nos centros de ensino especializado dependentes da Xunta de Galicia establecerase o ensino da lingua galega nos casos en que o seu estudo non teña carácter obrigatorio.

2. Nos centros de educación especial para alumnos con deficiencias físicas ou mentais para a aprendizaxe, empregarase como lingua instrumental aquela que, tendo en conta as circunstancias familiares e sociais de cada alumno, mellor contribúa ó seu desenvolvemento.



Artigo 17

1. Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obrigatorio o estudio da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquiri-la capacitación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.

2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores dos niveis non incluídos no parágrafo anterior, co fin de garanti-la progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino.

Da lexislación europea debemos destacar a **Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias**, do ano 1992 e ratificada en 2001 por España, que indica o seguinte:

Artigo 8. Ensino

1. En materia de ensino, as partes comprométense, no referente ó territorio onde se falan estas linguas, segundo a situación de cada unha delas e sen prexuízo do ensino da(s) lingua(s) oficial(is) do estado:

a) I- a prever unha educación preescolar asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

II- a prever que unha parte substancial da educación preescolar sexa asegurada nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

III- a aplicar unha das medidas apuntadas nos parágrafos I e II anteriores polo menos ós alumnos dos que as familias o desexan e dos cales o número se xulga suficiente; ou

IV- se os poderes públicos non teñen competencia directa no dominio da educación preescolar, a favorecer e/ou a incentiva-la aplicación de medidas apuntadas baixo os apartados I a III;

b) I- a prever un ensino primario asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

II- a prever que unha parte substancial do ensino primario sexa asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

III- a prever, no marco da educación primaria, que o ensino das linguas rexionais ou minoritarias afectadas faga parte integrante do currículo; ou

IV- a aplicar unha das medidas apuntadas so as alíneas I a III ós alumnos dos que as familias o desexen e dos cales o número é xulgado suficiente;

c) I- a prever un ensino secundario asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

II- a prever que unha parte substancial do ensino secundario sexa asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

III- a prever, no marco do ensino secundario, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias como parte integrante do currículo; ou

IV- a aplicar unha das medidas apuntadas nos parágrafos I a III ós alumnos que o desexen ou, dado o caso, dos cales as familias o desexan en número suficiente;

d) I- a prever un ensino técnico e profesional que estea asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

II- a prever que unha parte substancial do ensino técnico e profesional estea asegurado nas linguas rexionais ou minoritarias afectadas; ou

III- a prever, no marco da educación técnica e profesional, o ensino das linguas rexionais ou minoritarias afectadas como parte integrante do currículo; ou

- IV- a aplicar unha das medidas apuntadas nos apartados I a III ós alumnos que o desexen ou, dado o caso, dos que as familias o desexen en número suficiente;*
- e) I- a prever un ensino universitario e outras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias; ou*
- II- a preve-lo estudio destas linguas como materias de ensino universitario e superior; ou*
- III- se, en razón da función do estado a respecto dos establecementos de ensino superior, as alíneas I e II non poden ser aplicadas, a alentar e/ou autoriza-la posta en práctica dun ensino universitario ou doutras formas de ensino superior nas linguas rexionais ou minoritarias, ou de medios que permitan estudar estas linguas na universidade ou noutros establecementos de ensino superior;*
- f) I- a adopta-las disposicións para que se dean cursos de educación de adultos ou de educación permanente asegurados, principalmente ou totalmente, nas linguas rexionais ou minoritarias; ou*
- II- a propor estas linguas como disciplinas da educación dos adultos e do ensino permanente; ou*
- III- se os poderes públicos non teñen competencia directa no dominio da educación dos adultos, a favorecer e/ou alenta-lo ensino destas linguas no marco da educación dos adultos e da educación permanente;*
- g) a toma-las disposicións para asegura-lo ensino da historia e da cultura das cales a lingua rexional é a expresión;*
- h) a asegura-la formación inicial e permanente dos docentes necesarios para a posta en práctica dos parágrafos a) a g) aceptados pola parte;*
- i) a crear un ou varios órganos de control encargados de segui-las medidas tomadas e os progresos realizados no establecemento ou o desenvolvemento do ensino das linguas rexionais ou minoritarias, e a establecer sobre estes puntos informes periódicos que serán feitos públicos.*
- 2. En materia de ensino e no referente ós territorios distintos daqueles nos que as linguas rexionais ou minoritarias son tradicionalmente usadas, as partes comprométense a autorizar, a fomentar ou a poñer en práctica, se o número de falantes dunha lingua rexional ou minoritaria o xustifica, un ensino na ou da lingua rexional ou minoritaria nos niveis apropiados de ensino.*

No que respecta ás tres universidades galegas, todas contan con algunha mención á lingua galega nos seus Estatutos. A Universidade de Vigo, no seu artigo 4.º, indica o seguinte:

- 1. O galego é a lingua propia da Universidade de Vigo e, polo tanto, é a lingua de uso normal nas súas actividades. O galego, como lingua propia, é a lingua oficial da universidade, como tamén o é o castelán, oficial en todo o Estado.*
- 2. A Universidade de Vigo promoverá, de acordo coas súas competencias, liñas de actuación que contribúan ao uso pleno da lingua galega en todas as súas actividades docentes, investigadoras, administrativas e de servizos.*

A Universidade de Santiago de Compostela, no artigo 3.º, manifesta o seguinte:

- 1. A lingua galega é a lingua propia da Universidade de Santiago de Compostela.*



2. A Universidade de Santiago de Compostela promoverá, no marco das súas competencias, accións que contribúan á normalización e ao desenvolvemento da lingua galega.

A Universidade da Coruña, por último, afirma o seguinte no artigo 5.º dos seus Estatutos:

1. Na Universidade da Coruña serán linguas oficiais as recoñecidas no Estatuto de autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

2. A lingua propia da Universidade da Coruña é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentará o seu uso en todas as súas actividades.

Ademais, a Universidade de Santiago de Compostela aprobou a finais de 1993 o Regulamento do uso do galego na Universidade de Santiago de Compostela, no que se establecen unha serie de criterios nos usos da lingua. Tamén a Universidade da Coruña aprobou o *Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña*, un documento moi similar ao da Universidade de Santiago de Compostela que recolle diversos criterios de uso desta lingua no ámbito universitario.

No ensino non universitario debemos salientar o decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. Este decreto afecta a educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional específica, ensinanzas artísticas e deportivas e as ensinanzas de persoas adultas.

2.4 O Plan xeral de normalización da lingua galega

No Plan xeral de normalización da lingua galega (2006: 94) establécese o seguinte obxectivo dentro do sector de educación, familia e mocidade.

- *Asegurar a galeguización de todos os niveis do sistema educativo, tanto no ámbito docente coma no das relacións interpersoais entre os distintos membros da comunidade educativa.*

En canto aos obxectivos da área do ensino, estes son os que reproducimos a continuación:

- *Garantir que todo o profesorado teña plena competencia para desenvolver o seu labor docente en galego e os coñecementos necesarios para participar con criterio en tarefas de planificación lingüística escolar.*
- *Alcanzar un uso maioritario do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.*
- *Fomentar o uso progresivo do galego desde a etapa preescolar (0-3 anos), de xeito que se superen as fortísimas carencias que se observan nos primeiros banzos do ensino.*

- *Lograr que o ensino obrigatorio garanta unha competencia plena no idioma galego e repercuta de forma efectiva na súa adopción como lingua habitual por parte das novas xeracións.*
- *Priorizar no ensino do galego a expresión, a afectividade e a utilidade, reforzando a súa dimensión comunicativa e instrumental en relación con contextos vivos e dándolle un protagonismo central á oralidade.*
- *Garantir unha oferta de materiais didácticos de calidade e en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.*



3. METODOLOXÍA

3.1 Consideracións xerais

No ámbito da educación estableceuse o mesmo marco de traballo que o seguido nos restantes estudos do Observatorio para garantir o cumprimento dos obxectivos inicialmente propostos.

O proxecto foi abordado dende un dobre enfoque: por unha banda, cuantitativamente, mediante a realización de enquisas para a recollida de información, e foi completado cualitativamente a través dunha captura de información a través de paneis de escoita.


O colectivo obxectivo desta análise dividiuse en dous grandes ámbitos: ensino non universitario e ensino universitario. No primeiro dos ámbitos incluíronse os centros correspondentes ao sistema educativo non universitario. Así, os universos de estudo foron **escolas de educación infantil (EEI), centros de educación infantil e primaria (CEIP), centros privados (CPR), institutos de educación secundaria (IES) e centros públicos integrados (CPI)**. No segundo incluíronse **os centros das universidades** públicas de Galicia.

Para realizar o traballo de campo cuantitativo a unidade de mostraxe compuxérona os diferentes centros con teléfono de contacto. A recollida da información realizouse mediante entrevistas telefónicas asistidas por ordenador.

3.2 Deseño da mostra

O ensino universitario e non universitario está composto polos centros de educación infantil, primaria, secundaria, bacharelato, ciclos formativos e centros universitarios radicados en Galicia. Como universos tívoise en conta o rexistro de centros educativos da Xunta de Galicia e os centros universitarios correspondentes ás tres universidades galegas.

No caso do ensino non universitario, o universo está composto por un total de 1450 centros repartidos polo territorio galego. No tocante ao universitario existe un total de 81 centros distribuídos nas tres universidades galegas.



A partir dos devanditos universos, realizáronse os cálculos oportunos para permitir obter unha mostra estatisticamente representativa do ámbito educativo de Galicia. Así, o total de mostras obtidas foi de 853, distribuídas do seguinte xeito:

- **Centros educativos non universitarios:** 785
- **Centros universitarios:** 68

No caso do subámbito de ensino non universitario a distribución da mostra é representativa estatisticamente segundo o tipo de centro educativo. Esta foi posteriormente distribuída de xeito proporcional ao universo segundo provincias e concellos de máis e menos de 50.000 habitantes en primeiro e segundo nivel, respectivamente. O detalle destas especificarase en cada subámbito.

O erro mostral, segundo cada subámbito, está calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza **p = q = 0,5**. Os universos, mostras e erros considerados neste traballo son os seguintes:

Subámbito	Universo	Mostra	Erro mostral
Ensino non universitario	1450	785	2,4%
Ensino universitario	81	68	4,9%

3.3 Realización do traballo de campo

O traballo de campo realizouse, como nos anteriores ámbitos, mediante entrevista telefónica asistida por ordenador. Este levouse a cabo entre **o 18 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2008**.

As unidades da mostra foron os centros educativos situados en Galicia con teléfono de contacto. Realizáronse chamadas de xeito aleatorio segundo a distribución de cotas establecidas en cada subámbito.

A enquisa dirixíase a un membro do equipo directivo do centro enquisado. Como é práctica habitual nos traballos do Observatorio, o protocolo lingüístico empregado implicaba que a persoa encargada de realizar a enquisa falase en galego por defecto, lingua que cambiaba despois polo castelán se esta era a lingua usada pola persoa que atendía o teléfono. Posteriormente, a quen se lle ía realizar a enquisa preguntábaselle pola lingua en que desexaba que se lle formulasen as preguntas. No caso de que contestase que lle era indiferente, por defecto o entrevistador/a facía o cuestionario en galego.

Previamente, o enquisador/a explicaba o obxectivo da entrevista e solicitaba a colaboración do representante da organización indicada. As enquisas fixéronse en horarios laborais e tiñan unha duración de arredor de quince minutos.

3.4 Deseño e estrutura da enquisa

A enquisa realizada para o Observatorio da Situación da Lingua Galega na Sociedade consta dun total de **26 preguntas**, distribuídas nos seguintes bloques:

- Comunicacóns exteriores: trata a lingua ou linguas utilizadas nas comunicacóns co exterior (a atención ao público, os provedores, empresas, etc.), tanto de carácter oral coma escrito.
- Imaxe, rotulación e documentación de uso externo: aborda os usos lingüísticos en distintos elementos de identificación corporativa para o exterior .
- Documentación interna: pregunta acerca do uso do galego en documentos internos, como por exemplo, circulares, formularios, impresos e materiais de cursos de formación, entre outros.
- Comunicacóns orais internas: trata o uso da lingua galega nas comunicacóns do diverso persoal que traballa nos centros educativos de ensino universitario e non universitario.
- Módulo específico do ámbito educativo: pregunta acerca da porcentaxe de galego utilizada no contorno lingüístico en que se sitúa o centro enquisado, así como o uso do galego e do castelán en función do tipo de estudos que se cursan no centro.
- Normas e criterios de uso lingüístico: este bloque considera a aplicación de criterios, normas ou regras prácticas que especifican que lingua usar, ademais dos incentivos á formación en lingua galega.
- Opinións: a este respecto pregúntase polas actividades máis necesarias para promover o uso do galego, as maiores necesidades que ten o persoal na utilización desta lingua, así como a utilidade e o uso de diversos recursos lingüísticos e as vantaxes e desvantaxes do galego.
- Datos do centro: este punto demanda información que axuda a caracterizar a organización enquisada.
- Adecuación lingüística do persoal: recolle datos sobre os coñecementos de galego do persoal dos tres subámbitos en función do posto de traballo que ocupa, así como se o citado persoal fixo ou non formación durante o último ano.
- Uso de linguas estranxeiras: este último bloque trata o uso de linguas distintas do galego e do castelán e, en caso de existiren, cal ou cales se utilizan.



O deseño e a estrutura da enquisa realizada nos tres subámbitos está baseada no modelo que dende hai anos están aplicando en Cataluña os distintos organismos dependentes da Secretaría de Política Lingüística da Generalitat de Catalunya co fin de determinar os usos lingüísticos nos diferentes tipos de organizacións da sociedade catalá.

Como se poderá ver, no anexo deste informe figuran a enquisa utilizada nos centros educativos non universitarios, por unha banda, e a dos centros universitarios, pola outra.

3.5 Saída de datos

Para a saída de datos empregáronse filtros en función de diferentes variables:

- **Variables de caracterización:** tipo de centro, nivel educativo ou titularidade.
- **Variables de estratificación:** ámbito xeográfico.

Ademais destes filtros, os datos tamén se recolleron de xeito conxunto para o total de cada un dos dous subámbitos.

3.6 Proposta dun sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da educación

Un indicador é un elemento de medida que posibilita comprobar o grao de consecución do resultado previsto en cada obxectivo dunha política lingüística, motivo polo que os indicadores deben adaptarse perfectamente aos obxectivos correspondentes. O indicador lingüístico é unha variable seriada ou unha relación de variables de tipo cuantitativo cuxa medida ao longo do tempo proporciona información relevante sobre unha situación lingüística determinada.

É principalmente en Cataluña onde se ten deseñado e aplicado un maior número de sistemas de indicadores, como o Inuscat (indicadores de uso do catalán), o Ofercat (indicadores da oferta de catalán), o Indexplà..., que serán os que nos servirán de base para o establecemento do noso propio sistema co que se pretende avaliar o proceso de normalización lingüística das diferentes administracións que temos en Galicia ou de calquera outra organización.

3.6.1 Finalidade e obxectivos do sistema de indicadores

Co sistema de indicadores que se vai propoñer para o ámbito da educación preténdese medir obxectivamente o grao de normalización lingüística deste ámbito. Trátase dunha ferramenta moi útil, xa que, ademais desta medición obxectiva, posibilita comprobar a evolución temporal da situación da lingua como resultado dunha determinada intervención. Os datos con que se elabora este sistema parten do cuestionario realizado aos tres subámbitos, posto que son algunhas das preguntas desta enquisa as que establecen os indicadores propostos.

Este sistema de indicadores sistematiza a información que se obtén do traballo continuado e permite obter unha valoración rápida, favorecendo a comparación entre distintos momentos, o que o converte nunha ferramenta moi práctica que axuda a apreciar os progresos (ou retrocesos) no proceso de normalización lingüística do ámbito educativo.

3.6.2 Criterios para a selección de indicadores

Cómpre que os indicadores posúan unha serie de características para que a súa aplicación sexa posible. Entre os criterios tidos en conta para a elección destes destacan os seguintes:

- Trátase de indicadores cuxa obtención é viable e sinxela.
- Son coherentes cos obxectivos do Observatorio de coñecer a situación actual da lingua galega na educación.
- Son pertinentes e miden os aspectos que resultan máis relevantes na parte do estudo relativa ao ámbito da educación.
- Son facilmente comprensibles e estables.

3.6.3 Sistema de indicadores lingüísticos para o ámbito da educación

O sistema deseñado para o ámbito da educación conta cun total de 33 indicadores agrupados en seis factores, cada un cun peso distinto no índice de normalización lingüística (INL) final, ponderado segundo se mostra a continuación:

- **Factor 1. Imaxe e rotulación** (25%): neste factor tense en conta o uso do galego na identificación social da organización, a rotulación interna e externa, a páxina web e a publicidade.
- **Factor 2. Adecuación lingüística do persoal** (15%): refírese ao grao de adecuación dos coñecementos lingüísticos do persoal e os membros da administración segundo o posto de traballo que ocupan e o perfil lingüístico do posto.
- **Factor 3. Criterios de uso lingüístico** (15%): trátase dun factor relativo á existencia de regras ou normas prácticas que especifican que lingua usar en diferentes situacións, tanto na escrita como oralmente, así como á valoración do galego na incorporación do persoal, á existencia de incentivos para formarse en lingua galega...
- **Factor 4. Documentos de uso externo** (15%): fai referencia á documentación impresa para o uso externo das administracións.
- **Factor 5. Comunicacions exteriores** (20%): son textos, orais e escritos, emitidos polas administracións para a súa difusión externa.
- **Factor 6. Documentación e comunicacions internas** (10%): este factor inclúe impresos e documentos estándar, así como comunicacions orais e escritas de carácter interno.



A media ponderada de todos os factores é o índice de normalización lingüística (INL) dos centros universitarios e non universitarios. Cada un destes factores posúe un valor situado entre 0 e 100, o cal permite a obtención dun gráfico que mostra esta media e que reflicte o índice de normalización lingüística nunha escala tamén de 0 a 100.

Cada indicador lingüístico está asociado a un factor sobre o que incide de forma prioritaria, pero tamén pode desempeñar un papel secundario na definición dalgúns dos restantes factores. O valor de cada indicador está ponderado entre 1 e 9 para o cálculo do factor.

Indicadores	Factor 1	Factor 2	Factor 3	Factor 4	Factor 5	Factor 6
1.1. Modelos de fax, papel de carta, tarxetas de visita...	9		3	6		
1.2. Páxina web	8		3		7	
1.3. Publicidade	9		3		6	
1.4. Rótulos principais e interiores	8		3		3	
1.5. Nome da administración no papel de carta	8		3	6	2	
2.1. Porcentaxe de persoal do perfil 1 con coñecementos axeitados de galego	5	9	3	2	6	6
2.2. Porcentaxe de persoal do perfil 2 con coñecementos axeitados de galego	6	9	3			
2.3. Porcentaxe de persoal do perfil 3 con coñecementos axeitados de galego	3	9				
2.4. Porcentaxe de persoal do perfil 4 con coñecementos axeitados de galego	6	9				
2.5. Porcentaxe de persoal do perfil 5 con coñecementos axeitados de galego		9				
3.1. Valoración do galego na incorporación de persoal	2	6	9			
3.2. Incentivo ou apoio á formación en galego	1	6	8			
3.3. Atención oral ao público por defecto en galego	3		9		6	
3.4. Comunicaci3ns escritas por defecto en galego	2		9		5	
3.5. Ferramentas de apoio lingüístico para o persoal	2	2	7		3	2
3.6. Persoal que desenvolve tarefas de normalización lingüística	3	4	9		4	4

4.1. Documentación de máis difusión externa: catálogos, trípticos...	6		1	9		
5.1. Publicacións periódicas e non periódicas	6		3	7	9	
5.2. Atención directa ao público, presencial ou telefónica	6		3		9	
5.3. Conversas máis habituais co público e con provedores	5		2		9	
5.4. Contestador automático	5		3		8	
5.5. Escritos para clientes, provedores, usuarios, empresas e institucións	6		3		8	
5.6. Atención por correo electrónico, mensaxería...	5		3		7	
5.7. Contactos exteriores do equipo directivo	6		4		9	
6.1. Circulares, notas internas, actas e ordes do día das reunións			3			9
6.2. Formularios, impresos e memoria anual			3			8
6.3. Programa de tratamento de textos ou aplicación informática máis usual			3			7
6.4. Materiais de cursos e formación			3			8
6.5. Reunións de carácter interno			1			8
6.6. Porcentaxe de uso do galego do persoal directivo		6			4	9
6.7. Porcentaxe de uso do galego do persoal técnico		6			3	9
6.8. Porcentaxe de uso do galego do persoal administrativo		5			3	9
6.9. Porcentaxe de uso do galego de operarios e subalternos		3				9

Para determinar os valores pátrese das respostas obtidas nas preguntas establecidas como indicadores. Existen diferentes posibilidades que cómpre ter en conta:

- Indicadores baseados en preguntas cuxa opción de resposta é unha porcentaxe. Nestes casos tómase o valor desta porcentaxe.
Exemplo: porcentaxe de uso do galego do persoal administrativo = 60%.



- Indicadores baseados en preguntas cuxas opcións de resposta son “si” ou “non”. Nestes casos as respostas afirmativas valóranse cun 100 e as negativas non puntuán.

Exemplo: existencia de persoal que desenvolve actividades de normalización lingüística = 100 (se existe persoal) / = 0 (se non existe persoal).

- Se un centro educativo carece dalgún dos soportes en que se apoia un indicador, este non se ten en conta no cálculo do factor.

Exemplo: se unha facultade carece de páxina web este indicador non se inclúe no cálculo dos factores.

- Existen outros criterios que se tiveron en conta en indicadores concretos e que son os seguintes:
 - o Na porcentaxe de galego da páxina web: 100 (só galego), 50 (bilingüe, galego-castelán) e 0 (só castelán).
 - o No nome da organización no papel de carta: 100 (só galego), 0 (só castelán) e non se ten en conta cando non se distingue a lingua en que vai escrito.
 - o Na selección de persoal que contrata directamente a organización enquisada: 100 (se é requisito), 75 (se é mérito) e 0 (se non hai criterio).
 - o Nos incentivos ou apoios á formación en galego para o persoal que carece de coñecementos axeitados desta lingua: 100 (se é obrigatorio ou se hai dous ou tres criterios), 75 (se só financia a formación), 50 (se só permite facela en horario laboral) e 0 (se non hai incentivos).

Este sistema de indicadores permite establecer tipoloxías de organizacións segundo o seu grao de normalización lingüística. Así, permite distinguir entre organizacións que teñen un nivel medio de normalización lingüística (cun INL situado entre o 50 e o 75%) e organizacións cun nivel alto de normalización lingüística (cun INL superior ao 75%). As que posúen un INL inferior ao 50% considérase que posúen un nivel baixo de normalización.

En canto ao factor 2, no que se considera a adecuación dos coñecementos de galego do persoal en función do posto de traballo que ocupe, cómpre ter en conta que categorías profesionais se inclúen en cada un dos perfís e cal é o grao de dominio lingüístico que deben posuír en función destas.

Perfil lingüístico	Exemplos de categorías profesionais	Descrición dos perfís lingüísticos
1	Persoal directivo e altos cargos, e persoal que escribe informes complexos	Persoal que produce textos escritos de diferente complexidade. Exprésase oralmente de maneira correcta e fluída e pode ter contactos formais co exterior.
2	Persoal de atención ao público (telefonista, recepcionista...)	Persoal que dá informacións orais de atención básica. Produce mensaxes orais breves, fluídas e sinxelas.
3	Persoal subalterno de atención ao público (porteiros, conserxes, vixilantes...)	Persoal que ten contacto co público para as informacións de primeira atención. Produce mensaxes orais breves e sinxelas e non redacta textos.
4	Persoal que dá información técnica ao público (administrativo e auxiliar administrativo)	Persoal que produce textos escritos breves ou pautados. Produce mensaxes orais de pouca complexidade e pode ter contactos orais co público.
5	Persoal de mantemento e operarios	Persoal que non ten contacto nin oral nin escrito co exterior. Comprende mensaxes orais breves e sinxelas

Estes perfís son orientativos, posto que, como se verá, a clasificación modificarase en función de cada unha das organizacións se é preciso. En moitas delas haberá que adaptalos á súa estrutura interna de acordo coas categorías profesionais que a compoñen.

3.7 Paneis de escoita

Ademais da análise cuantitativa dos datos que permite a enquisa, realizáronse para este ámbito da educación **tres paneis de escoita** que tiveron como obxectivo a obtención de información cualitativa que dificilmente se pode conseguir a través dun método como o da entrevista telefónica.

Os paneis de escoita consisten en reunións informais dun pequeno grupo de persoas (entre cinco e sete), asistidos por un grupo de apoio (moderador/a, asistentes...) que teñen por obxecto contrastar opinións e ideas e debater sobre diferentes aspectos relacionados co idioma na educación. Con isto conseguiuase información nova e valoracións sobre aspectos que non se tratan no estudo cuantitativo.


As etapas fundamentais para organizar e levar a cabo estes paneis de escoita foron as seguintes:

- Deseño e planificación do debate: nesta etapa confeccionouse a estrutura deste, así como os temas que se lles propoñían aos asistentes. Tamén comprendeu a elección dos participantes, así como a data e o lugar de celebración do panel.

- Desenvolvemento do panel de escoita: nesta fase, na que se celebrou a reunión propiamente dita, despois dunha pequena presentación do proxecto, das cuestións que se ían tratar e dos participantes no debate, o moderador foi propoñendo diferentes temas sobre os que os asistentes ían ofrecendo a súa opinión persoal. A duración do panel foi de dúas horas aproximadamente.
- Análise da información: as diferentes opinións e puntos de vista foron recollidos e ordenados nunha acta da que, finalmente, se extraían as conclusións que incluían os aspectos máis interesantes xurdidos no desenvolvemento do panel. A acta envióselles a todos os participantes para que modificasen, puntualizasen ou engadisen calquera cuestión que estimasen oportuna.

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da educación
Subámbito do ensino non universitario



4. SUBÁMBITO DO ENSINO NON UNIVERSITARIO

4.1 Introducción

Despois da familia, o sistema educativo é o outro ámbito fundamental para a aprendizaxe de novas linguas e para o perfeccionamento da propia. Por este motivo, en contextos bilingües como o galego, as aulas convértense en espazos fundamentais para a conservación deste idioma, para o seu mantemento, nos rapaces e rapazas que o teñen como lingua inicial, e para entrar en contacto con el, no caso dos castelanfalantes. Cómpre evitar que as aulas se convertan en puntos de desgaleguización e conseguir que, pola contra, se constitúan como focos de difusión e promoción da lingua galega. Tamén resulta crucial o papel da escola na formación dunha cultura de respecto á diversidade lingüística e de aprecio pola conservación da lingua propia e a eliminación de prexuizos.

A introdución do galego no sistema escolar é, polo tanto, fundamental para a súa supervivencia, pois garante o seu coñecemento entre todos os nenos e nenas galegos que adquiren nas aulas competencias orais e escritas para que poidan desenvolverse nesta lingua. Por iso é fundamental a súa introdución dende as primeiras etapas educativas e a súa inclusión no sistema, non só como materia, senón tamén como lingua vehicular na que aprender matemáticas, ciencias, historia ou filosofía.

É fundamental a implicación na tarefa de promoción do idioma de toda a comunidade educativa, é dicir, do profesorado, das ANPA, do persoal administrativo, do alumnado e das súas familias, xa que a todos corresponde conseguir que os centros de ensino sexan puntos de referencia na difusión, promoción e aprendizaxe do galego.

O Plan xeral de normalización da lingua galega (2006: 94-106) inclúe os seguintes obxectivos específicos para o ensino non universitario que estamos a tratar:



- *Incidir, mediante a información e a explicación argumentada e científica, na comunidade escolar (alumnado, profesorado, persoal non docente e familias) para vencer prexuízos cara ao galego e para promover actitudes favorables á galeguización da escola.*
- *Asegurar un coñecemento oral e escrito suficiente da lingua galega por parte de todo o persoal escolar (docente e non docente) para que poida desenvolver o seu labor nesa lingua.*
- *Asegurar unha formación sociolingüística e psicopedagóxica dos docentes de educación infantil, primaria e secundaria que lles permita interpretar a realidade lingüística de Galicia e participar con criterio e eficacia en tarefas de planificación e dinamización lingüística no ámbito escolar.*
- *Esixir o cumprimento da lexislación sobre o uso da lingua galega no sistema escolar de xeito universal e incondicionado e conseguir que en todos os centros educativos de Galicia exista unha planificación lingüística adaptada ás súas especificidades e orientada ao obxectivo legal de acadar unha boa competencia nas dúas linguas oficiais.*
- *Reforzar a estrutura de planificación lingüística da Administración educativa e as medidas de apoio ao labor normalizador dos centros.*
- *Promover a interacción entre a escola e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización do galego.*
- *Garantir unha ampla oferta educativa en galego nos primeiros treitos educativos e na aprendizaxe da lectoescritura, na perspectiva de que este idioma se converta na lingua primeira do sistema educativo de Galicia.*
- *Lograr que o ensino obrigatorio lle garanta unha boa competencia en lingua galega a todo o alumnado e que repercuta de forma positiva no seu uso, axudando así a superar o desequilibrio no que se atopan o galego e o castelán.*
- *Renovar a práctica didáctica nunha perspectiva comunicativa que se centre no uso lingüístico (especialmente no oral) e garantir unha oferta de materiais didácticos en soportes diversos que fagan atractivo o proceso de aprendizaxe, que axuden a percibir a utilidade da lingua e que capaciten para o seu uso correcto e eficaz.*
- *Conseguir que todas as instancias administrativas relacionadas coa educación se comprometan coa normalización do galego e, en concreto, coas iniciativas que se derivan deste PNL.*

4.2 Metodoloxía

4.2.1 Consideracións xerais

Como se comentou anteriormente, neste subámbito realizouse unha análise cuantitativa da situación lingüística no ensino non universitario mediante enquisas telefónicas que foi posteriormente completada con informacións de carácter cualitativo a través de dous paneis de escoita con profesionais ligados a este ámbito profesional.

O universo de estudo estivo constituído polos centros de ensino non universitario presentes en Galicia en xaneiro de 2008 baixo as seguintes cinco figuras: **escolas de educación infantil (EEI)**, **centros de educación infantil e primaria (CEIP)**, **centros privados (CPR)**, **institutos de educación secundaria (IES)** e **centros públicos integrados (CPI)**. En total, o universo estivo composto por 1450 centros distribuídos do seguinte xeito:

- Escolas de educación infantil (EEI): 204
- Centros de educación infantil e primaria (CEIP): 609
- Centros privados (incluídos os concertados) (CPR): 306
- Institutos de educación secundaria (IES): 260
- Colexios públicos integrados (CPI): 71

Para realizar o traballo de campo cuantitativo consideráronse como unidade de mostraxe os centros de ensino con número de teléfono.

4.2.2 Deseño da mostra

Estableceuse unha mostra final de **785 enquisas**, o que permitiu cumprir co obxectivo dun erro mostral para o conxunto do **2,4%**, calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza **$p = q = 0,5$** . No deseño da mostra procurouse que tamén fose representativa estatisticamente segundo a tipoloxía de centros do ensino non universitario. De acordo con estas premisas de deseño, a distribución da mostra foi a que se amosa a continuación:



Tipoloxía de centro de ensino non universitario	Universo	Mostra	Erro mostral
Escolas de educación infantil (EEI)	204	137	4,9%
Centros de educación infantil e primaria (CEIP)	609	250	4,9%
Centros privados (CPR)	306	176	4,9%
Institutos de educación secundaria (IES)	260	161	4,9%
Centros públicos integrados (CPI)	71	61	4,8%

A repartición de cada unha destas mostras fíxose de xeito proporcional ao universo segundo provincias e concellos de máis e menos de 50.000 habitantes, é dicir, segundo estivesen situados nalgunha das sete grandes cidades ou no resto de Galicia. Isto permitiu tamén que a mostra fose representativa estatisticamente segundo se localizasen nunha cidade ou no resto de Galicia. A táboa resumo de universos, mostras e erros mostrais amósase deseguido:

Localización xeográfica dos centros	Universo	Mostra	Erro mostral
Nas sete grandes cidades de Galicia	454	245	4,3%
No resto de Galicia	996	540	2,9%
Total	1450	785	2,4%

4.2.3 Realización do traballo de campo e saída de datos

O traballo de campo realizouse en forma de entrevista telefónica asistida por ordenador. O período de realización comprendeu case un mes, concretamente entre **o 18 de xaneiro e o 15 de febreiro de 2008**. Como xa se comentou anteriormente, como unidades mostrais consideráronse os centros educativos con número de teléfono de contacto. Realizáronse chamadas de xeito aleatorio segundo cotas establecidas por tipo de centro e distribución xeográfica.

En canto á saída de datos, ademais de presentalos de forma conxunta para todo o subámbito, preséntanse de acordo con diferentes filtros: segundo a titularidade pública ou privada dos centros, segundo o tipo de centro e segundo a súa localización xeográfica en poboacións de máis ou menos de 50.000 habitantes.

4.3 Análise dos usos lingüísticos

Usos lingüísticos nas comunicacións e elementos de uso externo

Nas comunicacións orais e escritas co exterior a lingua empregada maioritariamente é o galego. A maior porcentaxe de uso deste idioma dáse nos escritos a institucións e provedores, nos que supera o 95%. Doutra banda, nas conversas co público e cos provedores atopamos a porcentaxe máis baixa de utilización do galego, situada no 73,4%. A conclusión máis destacada que podemos extraer en relación cos usos lingüísticos nas comunicacións co exterior é que o galego ten un uso maioritario, uso que é máis elevado na escrita que nas conversas orais






Gráfico 1. Usos lingüísticos nas comunicacións orais e escritas co exterior

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

A atención ao público tamén se fai maioritariamente en galego, cun 74,8% de uso, malia que a situación é moi diferente segundo o tipo de centro. Así, nos centros públicos a porcentaxe elévase ao 82,4%, mentres que nos privados esta descende ata o 48,3%.




Gráfico 2. Usos lingüísticos na atención directa ao público presencial e telefónica segundo a titularidade do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Nas conversas máis habituais co público e cos provedores, aínda que o galego é a lingua falada maioritariamente, pois no total de Galicia o seu uso chega ao 73,4%, a situación muda moito en función do ámbito xeográfico onde se atope o centro. Así, nas sete cidades de Galicia o emprego do galego diminúe ata o 52,9%, en contraposición co resto de Galicia, onde acada o 82,7%.

Tamén existen moitas diferenzas no que ao uso do galego se refire entre centros de titularidade pública e privada. Así, mentres que nos primeiros as conversas co público e cos provedores se levan a cabo nesta lingua en máis do 80% dos casos, nos privados esta porcentaxe redúcese ata o 46%.






Gráfico 3. Uso do galego e do castelán nas conversas máis habituais co público e con provedores segundo a localización xeográfica do centro


Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Só o 13% dos centros enquisados dispón de contestador automático. Tendo en conta este dato, entre os que si o teñen tres de cada dez están en versión bilingüe. Chama a atención que case a metade das persoas que respondeu a enquisa escolleu a opción “non sabe/non contesta”.

**Gráfico 4. Lingua empregada no contestador automático**

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Nos elementos de identificación corporativa externa o emprego do galego é maioritario, pois supera en todos os casos o 90% e chega mesmo ao 97% nos documentos de maior difusión externa das actividades e servizos do centro.






Gráfico 5. Usos lingüísticos nos elementos de identificación corporativa externa

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Resultan especialmente rechamantes as diferenzas nos usos lingüísticos publicitarios entre os centros de titularidade pública e os de titularidade privada. Así, se nos primeiros o emprego do galego case acada o 100%, nos segundos esta porcentaxe diminúe ata o 72,7%.




Gráfico 6. Usos lingüísticos na publicidade segundo a titularidade do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

As tres cuartas partes dos centros enquisados teñen a súa páxina web en galego, mentres que só o 12,5% a ten en castelán. Nun de cada dez dispoñen de versións nas dúas linguas.

A situación varía bastante en función do ámbito xeográfico onde se localice o centro. Deste xeito, o 58% dos centros urbanos ten a súa páxina web en galego, porcentaxe que se eleva ao 87% no resto de Galicia. Tamén chama a atención o feito de que dous de cada dez centros urbanos dispoñan dunha versión bilingüe, mentres que só o 3% dos demais centros conta con esta posibilidade.






Gráfico 7. Lingua empregada na páxina web dos centros non universitarios segundo a localización xeográfica do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Ns/Nc
- Só en castelán
- Nas dúas
- Só en galego

Os rótulos principais e os rótulos interiores están en galego en máis de oito de cada dez centros e só no 6% aparecen en castelán, practicamente a mesma porcentaxe dos que os teñen en versión bilingüe.




Gráfico 8. Usos lingüísticos nos rótulos principais e nos rótulos interiores do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Os datos da rotulación cambian bastante en función do tipo de centro. Mentres que máis de nove de cada dez de titularidade pública os teñen en galego, nos de titularidade privada non chegan ao 60%. É tamén neste tipo de centros onde aparece unha maior porcentaxe de rotulación bilingüe (o 13,4%).




Gráfico 9. Usos lingüísticos nos rótulos principais e nos rótulos interiores do centro segundo a titularidade do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Ns/Nc
- Non se distinguen
- En castelán
- En ambas
- En galego

O nome do centro no papel de carta aparece en galego en tres cuartas partes dos centros enquisados. As porcentaxes mudan bastante segundo estes se atopen nas sete cidades de Galicia ou no resto do territorio. Nos urbanos, o 63,2% ten o nome en galego e nos demais a cifra sobe ata o 81,2%.




Gráfico 10. Usos lingüísticos no nome do centro no papel de carta segundo a localización xeográfica do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Ns/Nc
- Non se distinguen
- En castelán
- En ambas
- En galego

Tendo en conta que seis de cada dez centros non fan publicidade en medio ningún, o máis habitual é que esta apareza en trípticos e folletos (algo máis dunha cuarta parte). Non obstante, os datos varían bastante en función do tipo de centro. Os de titularidade privada fan máis publicidade, o 65% deles, e empregan trípticos e folletos, e prensa case na mesma porcentaxe (arredor do 40%). No caso dos centros públicos, o 66,3% non fai ningún tipo de publicidade.




Gráfico 11. Usos lingüísticos na publicidade

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Usos lingüísticos na documentación e nas comunicacións orais internas

O galego é a lingua empregada de xeito maioritario na documentación interna, dado que alcanzan porcentaxes próximas ao 100% nos formularios e nas circulares e notas internas. Nas aplicacións informáticas é onde os resultados de uso desta lingua son menos favorables, pois a porcentaxe descende ata o 63,8%.




Gráfico 12. Usos lingüísticos na documentación interna

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Os cursos de formación contan con material redactado maioritariamente en galego, cun uso medio do 87,2%, porcentaxe que diminúe ata o 60,5% nos centros privados.




Gráfico 13. Usos lingüísticos no material dos cursos de formación segundo a titularidade do centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

Nas comunicacións orais internas o uso do galego supera en todos os contextos o 50%, aínda que se detectan diferenzas segundo o grupo profesional. Así, o emprego de galego é máis alto entre os conserxes, do 75,9%, mentres que no caso dos monitores/as de actividades non lectivas descende ata o 56,9%.




Gráfico 14. Usos lingüísticos nas comunicacións orais internas

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Nos usos lingüísticos do profesorado o galego é a lingua máis utilizada en todos os tipos de centro, agás nos CPR, nos que apenas chega ao 50%. No entanto, nos demais é maioritario, sobre todo nos CEIP, nos que alcanza o 80%.

lingua
galega





Gráfico 15. Usos lingüísticos do profesorado nas comunicacións orais internas en función do tipo de centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

Nas comunicacións orais internas o galego tamén é a lingua máis falada, con porcentaxes que acadan o 90% nos contactos exteriores dos equipos directivos dos centros cos medios de comunicación, nos actos oficiais, etc. O emprego máis baixo dáse entre os pais e nais do alumnado, dun 59,2%, porcentaxe moi semellante, como é lóxico, á dos membros das ANPA.



Os usos lingüísticos nas comunicacións orais internas de pais e nais varían notablemente segundo o ámbito xeográfico no que se localicen os centros. Nas sete cidades galegas o galego só se emprega nunha terceira parte destas comunicacións, situación moi distinta á que atopamos no resto de Galicia, onde a porcentaxe de utilización chega ao 70%.




Gráfico 17. Usos lingüísticos nas comunicacións orais internas de pais e nais segundo a localización xeográfica do centro


Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán


■ Galego

Os usos lingüísticos nas comunicacións orais internas dos membros da ANPA tamén se diferencian segundo o tipo de centro. Efectúanse maioritariamente en galego nos CEIP, IES e CPI, con porcentaxes que se sitúan entre o 70 e o 75%. En cambio, o castelán convértese na lingua maioritaria entre os membros das ANPA dos EEI e, sobre todo, dos CPR, nos que o emprego do galego queda no 31,4%.



Usos lingüísticos do profesorado e do alumnado

En canto ao contorno do centro, nos pertencentes ás sete cidades galegas o emprego do galego sitúase arredor do 30% e nos do resto de Galicia supera o 70%, feito que explica as diferenzas no uso desta lingua entre os centros destes dous ámbitos xeográficos.






Gráfico 19. Usos lingüísticos no contorno do centro


Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

O profesorado comunícase oralmente en galego de xeito maioritario, con lixeiras variacións en función do nivel educativo, con porcentaxes que se sitúan entre o 58,7% nos ciclos formativos (a máis baixa) e o 76,8% na educación primaria (a máis elevada).



En canto ao profesorado de secundaria, nas comunicacións orais que se levan a cabo nas aulas a lingua empregada maioritariamente é o galego, cunha porcentaxe do 68%. Segundo o ámbito xeográfico en que se sitúe o centro, esta porcentaxe varía lixeiramente aproximándose ao 60% nas sete cidades e superando o 70% no resto de Galicia.




Gráfico 21. Usos lingüísticos do profesorado de secundaria nas aulas nas comunicacións orais segundo a localización xeográfica do centro

Base: centros con educación secundaria de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Os usos lingüísticos do profesorado nas comunicacións escritas nos diferentes niveis educativos non difiren moitos dos das comunicacións orais, con porcentaxes moi semellantes en todos os casos, o que significa que os usos lingüísticos orais e escritos non son moi distintos neste colectivo. É no bacharelato o nivel en que atopamos unha diferenza maior que chega aos cinco puntos, e que supón un emprego máis elevado do galego nas comunicacións orais que nas escritas.




Gráfico 22. Usos lingüísticos do profesorado nas comunicacións escritas da aula segundo o nivel educativo

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Nos ciclos formativos, nos que se produce un menor uso do galego por parte do profesorado, nas comunicacións escritas que se efectúan na aula o emprego desta lingua acada o 60% no total de Galicia. Segundo o ámbito xeográfico no que se sitúe o centro, esta porcentaxe descende ata o 52% nas sete cidades e aumenta ata o 67,4% no resto de Galicia.




Gráfico 23. Usos lingüísticos do profesorado dos ciclos formativos nas comunicacións escritas na aula

Base: centros de Galicia que imparten ciclos formativos

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Nos contextos informais os usos lingüísticos do profesorado varían en función do nivel educativo. Tamén se pode comprobar que son diferentes dos usos que facían dentro da aula. Neste sentido é interesante observar como o emprego do galego é maior na clase que nos contextos informais, agás nos ciclos formativos.




Gráfico 24. Usos lingüísticos do profesorado en contextos informais segundo o nivel educativo

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Se nos centramos nos usos lingüísticos do alumnado nas comunicacións orais que se producen na aula, as diferenzas segundo o nivel educativo van dende o 50% de emprego do galego nos ciclos formativos (a porcentaxe máis baixa) ata o 63,2% na educación primaria.




Gráfico 25. Usos lingüísticos na aula do alumnado nas comunicacións orais segundo o nivel educativo

Base: centros non universitarios de Galicia


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán


■ Galego

Se nos detemos agora a analizar a situación do galego entre o alumnado de educación infantil, vemos como nas comunicacións orais que se producen na aula, en xeral, esta é a lingua de uso maioritario. No entanto, segundo o ámbito xeográfico atopamos notables diferenzas entre o que acontece nos centros das sete grandes cidades, nos que o uso do galego só alcanza o 28%, e o que pasa no resto de Galicia, onde esta porcentaxe se eleva ata o 66,9%.

Se temos en conta os demais niveis educativos, vemos como, a medida que este nivel aumenta, os usos lingüísticos en función do ámbito xeográfico igúalanse bastante.



Seguindo cos usos lingüísticos do alumnado, nas comunicacións escritas que os estudantes realizan na aula a situación do galego varía en función do nivel educativo. O emprego desta lingua é menor nos ciclos formativos que nos demais niveis, mentres que na educación primaria esta utilización é maior. Tamén se pode comprobar que os usos escritos non difiren significativamente dos orais en ningún dos niveis, aínda que se aprecia que o galego se emprega máis na escrita que oralmente en todos eles.



Se nos fixamos no que acontece cos usos lingüísticos do alumnado que habita nas sete grandes cidades de Galicia, atopamos os seguintes resultados para o galego nas comunicacións escritas que realizan na aula: mentres que na educación primaria, na secundaria e no bacharelato o emprego do galego é moi semellante (arredor do 44%), a porcentaxe de uso descende cando observamos os ciclos formativos, ata o 41%, e, sobre todo, na educación infantil, ata o 31,5%.




Gráfico 28. Usos lingüísticos no alumnado das sete cidades nas comunicacións escritas na aula segundo o nivel educativo

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Entre o alumnado que habita no resto de Galicia, o emprego do galego nas comunicacións escritas na aula é moito maior en todos os niveis educativos, pois superáñse en todos eles o 60%. Atopamos ademais outra diferenza con respecto ao que acontecía nos centros urbanos, xa que aquí a menor porcentaxe de emprego de galego se dá no bacharelato e non na educación infantil.





Gráfico 29. Usos lingüísticos no alumnado do resto de Galicia nas comunicacións escritas na aula segundo o nivel educativo

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

Os usos lingüísticos do alumnado nos contextos informais demostran que o emprego do galego nestes é menor que o que se produce na aula en todos os niveis educativos. Nestes contextos, o uso desta lingua non alcanza nin sequera o 50% entre o alumnado de bacharelato, dos ciclos formativos e de educación secundaria, é dicir, entre os que estudan nos niveis superiores.



Seguindo cos contextos informais, o uso do galego entre o alumnado de secundaria é de tan só o 46%. No entanto, a situación é moi distinta en función do ámbito xeográfico, xa que, se nas cidades este emprego non chega nin ao 20%, no resto de Galicia se sitúa arredor do 60%.




Gráfico 31. Usos lingüísticos no alumnado de secundaria en contextos informais segundo a localización xeográfica do centro

Base: centros de Galicia que imparten educación secundaria

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Se comparamos os usos lingüísticos do alumnado de secundaria nos diferentes contextos, atopamos notables diferenzas en función de se se atopa na aula ou fóra desta. Na clase o emprego do galego supera o 55%, tanto nas comunicacións orais como nas escritas, fronte ao 46% de utilización desta lingua fóra deste contexto.

En conclusión, pódese afirmar que, en xeral, o uso do galego diminúe nos contextos informais en todos os niveis educativos, especialmente nos contextos urbanos. A modo de exemplo ofrécense os resultados na educación secundaria aínda que no resto dos niveis educativos os resultados tamén van nesta liña.




Gráfico 32. Usos lingüísticos no alumnado de secundaria

Base: centros de Galicia que imparten educación secundaria

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Se analizamos agora o que acontece co alumnado de secundaria que habita nas sete grandes cidades de Galicia, en ningún caso o uso do galego acada o 50%, e nos contextos informais nin sequera chega ao 20%.




Gráfico 33. Usos lingüísticos no alumnado de secundaria das sete grandes cidades galegas

Base: centros de Galicia que imparten educación secundaria

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego

No resto de Galicia, en cambio, o uso do galego entre o alumnado deste nivel educativo sofre menor variación entre o que acontece na aula e fóra desta. Nas comunicacións orais e escritas da aula o emprego desta lingua sitúase en torno ao 65% e en contextos informais arredor do 60%.




Gráfico 34. Usos lingüísticos no alumnado de secundaria do resto de Galicia

Base: centros de Galicia que imparten educación secundaria

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


■ Castelán

■ Galego

4.4 Normas e criterios de uso lingüístico

A maior parte dos centros non conta con criterios, regras ou normas que especifican que lingua usar en diferentes situacións: na atención oral ao público, cando o interlocutor/a pide un cambio de lingua, na calidade lingüística dos textos ou nas publicacións ou nas comunicacións. En relación con estas últimas, catro de cada dez si dispoñen de criterios, a porcentaxe máis elevada das catro situacións mencionadas.

Se temos en conta o tipo de centro, nos de titularidade privada a existencia destes criterios lingüísticos é aínda menos frecuente que no caso dos públicos.



Do, aproximadamente, 20% de centros que si conta con criterios de atención oral ao público case a totalidade indica que esta debe facerse en galego. O mesmo acontece no caso dos centros que teñen normas que especifican a lingua que se debe usar nas comunicacións escritas e tamén na calidade lingüística de documentos e publicacións. Cando o interlocutor/a pide o cambio de lingua satisfaise a súa petición no 100% dos casos.




Gráfico 35. Existencia de criterios, regras ou normas que especifican que lingua usar

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En relación cos criterios que se plasman no gráfico situado a continuación, chama a atención a baixa porcentaxe de incentivo ou apoio á formación en lingua galega para o persoal que non conta con coñecementos axeitados desta, pois apenas supera o 2%. No entanto, está bastante estendida a posta a disposición do persoal de ferramentas lingüísticas de apoio (dicionarios, tradutores, correctores...), que supera o 95%. Tamén é frecuente que os centros conten con persoal dedicado a normalización lingüística, xa que oito de cada dez están nesta situación.

En canto á valoración de coñecementos de galego na incorporación de persoal, cómpre ter en conta que os datos se corresponden maioritariamente cos centros privados (nos demais, a resposta máis frecuente foi “non procede”). Pódese comprobar como a porcentaxe dos que si o valoran e dos que non o fan é moi semellante (arredor do 45% nos dous casos).

Nos centros privados, que, como xa se comentou anteriormente, son os que nunha porcentaxe maior valoran o coñecemento de galego na incorporación de persoal, obsérvase como en case sete de cada dez fan unha valoración positiva deste coñecemento, mentres que nunha cuarta parte non o valoran.




Gráfico 36. Outros criterios respecto do galego

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Ns/Nc
■ Non
■ Si




Gráfico 37. Valoración do galego na contratación de persoal nos centros privados

Base: centros privados non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Nos centros privados case nove de cada dez non dan incentivos á formación en galego para o persoal que carece de coñecementos axeitados desta lingua. As cifras melloran bastante nos centros de titularidade pública, nos que se alcanza case o 100%.




Gráfico 38. Centros privados con incentivos á formación en lingua galega

Base: centros privados non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Nos centros privados que si ofrecen incentivos para a formación en lingua galega seis de cada dez permiten facela en horario laboral. No 46,7% dos casos finánciana toda ou parte e no 13% é obrigatoria.




Gráfico 39. Incentivos á formación en galego nos centros privados

Base: centros privados non universitarios de Galicia que incentivan a formación en galego

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Ns/Nc
- Non
- Si

4.5 Opinións e actitudes lingüísticas

En canto ás actividades consideradas máis necesarias para promover o uso do galego, as que contan cunha maior aceptación son as ferramentas lingüísticas e a formación, mentres que as menos elixidas como necesarias son o establecemento de normas claras e dun plan de accións de apoio. Cómpre sinalar que nas sete grandes cidades se detecta unha porcentaxe máis alta de necesidades.




Gráfico 40. Opinión sobre as actividades máis necesarias para promover o uso do galego

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Os recursos lingüísticos considerados máis útiles foron os dicionarios, sinalados por case a totalidade dos centros. Os servizos lingüísticos foron os menos seleccionados. Mais, en xeral, todos mostraron un elevado grao de aceptación, pois supérase en todos eles o 65%.




Gráfico 41. Opinión sobre a utilidade dos diferentes recursos lingüísticos

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Entre os centros que si consideran útiles os diferentes recursos lingüísticos sinalados pódese comprobar como o grao de utilización se corresponde bastante coas preferencias mostradas. Así, o recurso máis empregado é o dicionario, cunha porcentaxe que supera o 95%. No entanto, os menos usados son os cursos de galego, que foran considerados útiles por máis do 77%.




Gráfico 42. Utilización dos diferentes recursos lingüísticos polos centros non universitarios que os consideran útiles

Base: centros non universitarios de Galicia que consideraron de utilidade os recursos lingüísticos

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á opinión sobre a evolución do galego respecto a hai cinco anos, en case o 40% opinan que o seu emprego aumentou ou aumentou moito, fronte a pouco máis do 21% nos que afirmaron que diminuíu ou diminuíu moito. En tres de cada dez dixerón que a situación desta lingua non mudou.

Entre os que pensan que se incrementou a súa utilización, os motivos que máis se aduciron foron os seguintes: a existencia dunha maior sensibilización e concienciación, ao interese crecente pola lingua, ás leis en materia lingüística promulgadas pola Administración, ao aumento das campañas de promoción, á existencia de máis materiais en galego para os centros e á percepción de que o alumnado o fala máis.







Gráfico 43. Evolución do galego nos últimos cinco anos

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Se atendemos á titularidade dos centros, semella que é nos privados nos que se percibe un maior incremento no emprego do galego, pois en seis de cada dez afirmaron que este aumentara ou aumentara moito. Pola contra, nos centros públicos a percepción é ben diferente: nun terzo deles opinan que o uso desta lingua aumentou ou aumentou moito; case nunha cuarta parte cren que diminuíu ou diminuíu moito; e no 32,8% pensan que segue igual.



No 38,2% dos centros enquisados opínase que o galego ten vantaxes e só no 7,6% pensan que ten desvantaxes. Entre as vantaxes sinálase o positivo de coñecer o maior número de linguas posible, a importancia da súa conservación como patrimonio cultural, a mellora na comunicación e o respecto pola lingua inicial dos membros do centro. Como principal desvantaxe apúntase que pode causarlle dificultades ao alumnado castelanfalante.

Sobre a posibilidade de que aumente o seu emprego nos próximos doce meses ou antes de cinco anos, son moi poucos os que consideran esta posibilidade: arredor do 17% nos dous casos.






Gráfico 45. Vantaxes, desvantaxes e evolución do futuro do galego

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Máis de oito de cada dez centros usan algún recurso ou axuda lingüística da Xunta de Galicia, tal e como se pode ver no seguinte gráfico. Pola contra, arredor do 14% non emprega ningún, mentres que o 2% non sabe ou non contesta.




Gráfico 46. Uso dos recursos lingüísticos da Xunta de Galicia

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Dos que non empregan ningún, o 19,9% dos centros enquisados, seis de cada dez afirman non coñecelos, fronte a un 37,6% que si sabe da súa existencia pero que, no entanto, decide non usalos.




Gráfico 47. Coñecemento dos recursos lingüísticos da Xunta de Galicia polos centros non universitarios que non os empregan

Base: centros non universitarios de Galicia que non utilizan os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

A opinión maioritaria sobre a utilización do galego nos centros é que se usa bastante ou moito en case as tres cuartas partes destes. Só no 7,5% a consideran escasa. En case dous de cada dez centros pensa que o seu uso é normal.




Gráfico 48. Uso do galego nos centros non universitarios de Galicia

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En función do tipo de centro, os que dan resultados máis positivos ante a situación da lingua galega son os CPI, nos que máis do 90% opinan que esta se usa moito ou bastante. No extremo contrario situaríanse os CPR, xa que a porcentaxe dos que cren que se emprega moito ou bastante non chega ao 50%




Gráfico 49. Uso do galego nos centros non universitarios de Galicia en función do tipo de centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Moito
- Bastante
- Normal
- Pouco
- Nada

Segundo o ámbito xeográfico, a percepción sobre o uso do galego é máis negativa nos centros das sete cidades galegas que nos do resto de Galicia, nos que máis do 80% pensa que o galego se utiliza moito ou bastante.




Gráfico 50. Uso do galego nos centros non universitarios de Galicia segundo a localización xeográfica destes

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega


A actitude ante a utilización do galego no centro muda notablemente en función do colectivo da comunidade escolar. Entre o profesorado, nove de cada dez docentes teñen unha actitude favorable, fronte a só dous de cada dez integrantes do persoal administrativo, o colectivo cunha actitude máis indiferente ante a lingua.




Gráfico 51. Actitudes sobre a utilización do galego no centro

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



En canto á actitude dos pais e nais do alumnado, aínda que esta é favorable en liñas xerais, atopamos notables diferenzas entre o que acontece no caso dos proxenitores do alumnado dos centros privados e os dos centros públicos. Así, mentres que entre estes últimos case oito de cada dez teñen unha actitude favorable, no caso dos primeiros a porcentaxe queda no 55,6%.



Por defecto, o 42,3% dos centros de ensino enquisados atendeu o teléfono en galego, mentres que só un 14,1% o fixo en castelán. No 43,6% dos casos non se distinguiu a lingua de atención telefónica.

Os datos varían bastante en función da titularidade do centro, posto que nos públicos a atención en galego foi superior á dos privados (46,5% fronte a 27,8%). Tamén o ámbito xeográfico condicionou a lingua de atención telefónica, xa que, se nas sete cidades galegas un terzo atendeu en galego, no resto de Galicia case na metade dos centros responderon neste idioma.







Gráfico 53. Idioma con que atenden por defecto

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Cando se lles preguntou ás persoas que contestaron o teléfono en que lingua querían que se lles realizase a enquisa, tres cuartas partes elixiron o galego.

Tamén a titularidade influíu neste caso na elección de idioma. Así, oito de cada dez centros públicos escolleron o galego, mentres que nos privados o elixiu o 64,2%. En función do ámbito xeográfico onde se sitúa o centro tamén existen notables variacións: sete de cada dez centros urbanos decidíronse por contestar en galego e oito de cada dez no resto de Galicia.

**Gráfico 54. Lingua elixida para a realización da enquisa**

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

4.6 Competencias lingüísticas

A maior necesidade en materia de destrezas lingüísticas do persoal detéctase na escrita, mentres que para entender o galego semella que só o 4% ten dificultades. Segundo o ámbito xeográfico, sinálanse máis nas sete grandes cidades que no resto de Galicia e en función do tipo de centro é nos de titularidade privada nos que se detectan máis problemas. Se temos en conta o nivel educativo dos centros, os IES son os que mostran máis deficiencias nas destrezas lingüísticas do persoal.





Gráfico 55. Opinión sobre necesidades en materia de destrezas lingüísticas do persoal

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Posto que é a escrita a destreza na que se observan máis dificultades, o gráfico que aparece a continuación mostra as diferenzas segundo o tipo de centro. Pódese comprobar como os IES son os que teñen máis dificultades co dominio da escrita, pois así opinan dous de cada cinco destes centros, e os EEI os que menos, posto que só no 15,3% destes recoñeceron carencias nesta destreza..



En todos os perfís que se estableceron para o ámbito da educación a maioría do persoal posúe os coñecementos axeitados de galego para o posto que ocupa, pois a porcentaxe supera en todos eles o 95%.




Gráfico 57. Persoal empregado con coñecementos axeitados de galego para o seu posto de traballo por perfís lingüísticos

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á formación en galego impartida polo centro, unha porcentaxe moi pequena de persoal participou nesta formación. A cifra máis alta atopámola entre o profesorado de bacharelato (un 17,7%).




Gráfico 58. Centros universitarios nos que houbo persoal que fixo formación de galego

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

4.7 Uso de linguas estranxeiras

Máis do 95% dos centros non emprega lingua estranxeira ningunha. Dos poucos que si usan algunha, as tres cuartas partes utilizan o inglés, case o 45% o francés e dous de cada dez o portugués.






Gráfico 59. Uso de linguas estranxeiras

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega




Gráfico 60. Linguas estranxeiras usadas

Base: centros non universitarios de Galicia que empregan linguas estranxeiras

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

4.8 Índice de normalización lingüística

O INL acadado polos centros de ensino non universitario de Galicia é de 88,01, moi elevado sen lugar a dúbidas se temos en conta que nos movemos nunha escala de 0 a 100, o que nos indica que estamos ante un ámbito cun grao de galeguización moi alto. En todos os factores a media é superior a 80 o que significa que a situación da lingua galega é moi boa en todos eles.

O mellor dato atopámolo no factor 4, cunha media de 95,44, o que significa que o emprego do galego na documentación de uso externo é moi elevada. Tamén no factor 1 a situación desta lingua é moi positiva, cunha media de 90,09. Isto quere dicir que o uso do galego é en todos os indicadores que compoñen ambos os dous factores, unido á influencia doutros indicadores sobre eles, moi alta.

En canto aos criterios de uso lingüístico, é dicir, o factor 3, a media é de 88,60, por riba moi lixeiramente do INL. Este dato demostra que existe unha gran cantidade de centros de ensino non universitario que poñen a disposición do persoal ferramentas lingüísticas e que contan con persoal dedicado a normalización lingüística. Ademais, debido á inclusión no estudo de centros privados, son moitos os que teñen en conta o coñecemento de galego na incorporación de persoal.

Os restantes tres factores acadan unha media inferior ao INL, aínda que esta continúa a ser elevada, pois supera o 80 en todos os casos, como xa se comentou anteriormente. Así, o factor 5, comunicación exterior, obtén un valor de 85,12 o que indica que o grao de normalización lingüística nos textos, orais e escritos, producidos polos centros non universitarios de Galicia é moi alto.

A continuación sitúase o factor 2, adecuación lingüística do persoal, cun valor de 84,75, o que significa que o persoal que traballa nos centros de ensino non universitario de Galicia conta cos coñecementos adecuados de lingua galega para o posto de traballo que ocupa.

Por último, a media máis baixa, de 81,43, é a do factor 6, documentación e comunicación interna. Isto demostra que a lingua galega está nunha mellor situación nas comunicacións externas que nas internas.

Como o INL é superior a 75, consideramos que os centros de ensino non universitario teñen un nivel alto de normalización lingüística, que, como adoita acontecer con todas as organizacións deste nivel, consegue os mellores resultados no factor 4 dedicado á comunicación exterior.






Gráfico 61. Índice de normalización lingüística

Base: centros non universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

4.9 Conclusións

As principais conclusións que se poden extraer da observación realizada no subámbito dos centros non universitarios de Galicia son as seguintes:

- Nas comunicacións orais e escritas co exterior a lingua empregada maioritariamente é o galego. Na atención ao público, obsérvanse notables diferenzas en función do tipo de centro, pois nos privados a porcentaxe de uso desta lingua non chega ao 50%, mentres que nos públicos supera o 80%.

- As conversas co público e con provedores prodúcense maioritariamente en galego no conxunto de Galicia, pero con diferenzas en función de onde se localice o centro: nos das grandes cidades apenas supera o 50%, mentres que no resto de Galicia supera o 80%.
- Nos elementos de identificación corporativa externa o emprego do galego é maioritario, pois supera en todos os casos o 90%. Tamén neste caso existen diferenzas entre os centros públicos e os privados, xa que se nos primeiros o uso desta lingua na súa imaxe case chega ao 100%, nos privados esta porcentaxe descende ao 72,7%.
- As páxinas web dos centros non universitarios de Galicia adoitan estar só en galego, aínda que existen diferenzas entre os centros localizados nas sete grandes cidades, nos que descende o monolingüismo en galego nas webs e se incrementan as versións bilingües e monolingües en castelán, e os que se sitúan no resto de Galicia, nos que o emprego único do galego supera o 85%.
- A rotulación dos centros está maioritariamente en galego, pero a situación varía bastante en función da titularidade destes: nos públicos usan o galego máis do 90%, mentres que nos privados se sitúa no 57,6%.
- O nome do centro no papel de carta está en galego nas tres cuartas partes dos centros, aínda que o emprego desta lingua é menor nas sete grandes cidades que no resto de Galicia.
- A documentación interna dos centros adoita estar en galego nunha porcentaxe moi elevada. É nas aplicacións informáticas nas que o seu uso é menor, situado arredor do 64%.
- Oralmente, nas comunicacións internas, úsase maioritariamente o galego, aínda que con diferenzas en función dos grupos de profesionais. Así, o emprego é máis elevado entre os conserxes, mentres que diminúe entre os monitores das actividades non lectivas.
- A utilización da lingua galega é maior nas comunicacións co exterior e diminúe nos escritos, tanto oralmente como por escrito.
- Os usos lingüísticos nas comunicacións orais e escritas fanse maioritariamente en galego en todos os colectivos da comunidade escolar, aínda que con matices. Esta lingua úsase menos nas sete grandes cidades que no resto de Galicia, dato coincidente cos usos lingüísticos xerais da poboación galega. En función do tipo de centro, nos CPR emprégase menos que nos demais, e segundo o nivel educativo nos ciclos formativos existe unha menor presenza tamén desta lingua.
- Resulta significativo que o nivel educativo máis desgaleguizado sexa o dos ciclos formativos, é dicir, a ensinanza máis técnica.
- En xeral, a utilización do galego é maior nas comunicacións escritas que nas orais, e dentro da aula que fóra desta en contextos informais.
- Na maioría dos centros non existen criterios nin normas prácticas que especifiquen que lingua usar nin oralmente nin por escrito. Tampouco adoita haber incentivos á formación en galego e case na metade dos centros non se valora o coñecemento desta lingua na incorporación do persoal. En cambio, si é maioritaria a posta a disposición do persoal de ferramentas lingüísticas. Tamén é

frecuente a existencia nos centros de persoal dedicado a normalización lingüística. Isto pode deberse á existencia de equipos de normalización en moitos centros de ensino de Galicia.

- As ferramentas lingüísticas son o recurso considerado máis necesario para promover o uso do galego e o máis útil, os dicionarios.
- En máis da metade dos centros non universitarios existe a percepción de que o uso do galego aumentou ou aumentou moito, sobre todo nos de titularidade privada. A opinión maioritaria en todos eles é que o emprego desta lingua non supón nin vantaxes nin desvantaxes. Tamén é moi elevada a porcentaxe dos que pensan que o uso do galego non vai incrementarse nin antes de doce meses nin antes de cinco anos.
- Son minoría os centros que non usan recursos lingüísticos da Xunta de Galicia.
- A actitude ante o emprego do galego nos centros é claramente favorable en todos os centros e en todos os colectivos da comunidade escolar, aínda que existen diferenzas en función do colectivo: o máis favorable é o profesorado, e o menos o persoal administrativo, que, por outra banda, se mostra bastante indiferente á cuestión lingüística.
- En xeral, a maior parte dos centros mostra optimismo en relación coa situación do galego, pois en máis do 70% cren que se usa moito ou bastante.
- Nas destrezas do persoal dos centros, as maiores necesidades detéctanse na escrita. Isto non impide que se detecte unha adecuación de coñecementos de galego moi elevada do persoal para o seu posto de traballo, con porcentaxes que superan o 95% en todos os perfís.
- En xeral, os centros máis desgaleguizados son os situados nas sete grandes cidades de Galicia. Este dato é moi revelador por varios motivos. Por unha banda, é lóxico pensar que sexa así, pois estas son as zonas máis desgaleguizadas do territorio.
- O manexo de linguas estranxeiras é pouco habitual nos centros de ensino non universitario de Galicia.
- O índice de normalización lingüística (INL) do ensino non universitario en Galicia é de 88,01, o que, situado nunha escala de 0 a 100, amosa un nivel alto de normalización da lingua galega.

Situación da lingua galega na sociedade

Observación no ámbito da educación
Subámbito do ensino universitario

5. SUBÁMBITO DO ENSINO UNIVERSITARIO

5.1 Introducción

As universidades constitúen o nivel educativo máis elevado da nosa sociedade. En comunidades con dúas linguas como a nosa, a realidade demostra que a situación de galego e castelán está aínda hoxe lonxe de alcanzar un equilibrio, especialmente en aspectos tan importantes no ámbito universitario como a docencia e a investigación. Malia que é certo que nos últimos anos se deron avances na extensión do galego, a realidade revélanos que estes foron insuficientes. As tres universidades galegas, conscientes do gran contraste existente entre a lingua da maior parte da poboación e a lingua de maior uso na universidade, deben facer un esforzo por promover o galego en todos os campos e actividades da vida universitaria para conseguir que a lingua propia de Galicia ocupe o lugar que debería ter nunha sociedade moderna e culta.


O Plan xeral de normalización da lingua galega (2006: 107) inclúe o seguinte obxectivo específico para o ensino universitario que estamos tratando:

- *Promover un maior nivel de galeguización das universidades galegas, tanto na docencia e investigación coma no que se refire ás relacións extraacadémicas.*

5.2 Metodoloxía

5.2.1 Consideracións xerais

Ao igual que no subámbito de ensino non universitario, levouse a cabo unha análise cuantitativa dos centros universitarios mediante enquisas telefónicas, información que foi completada mediante a realización dun panel de escoita sobre os usos lingüísticos no ámbito da educación universitaria.



A observación estivo formada polos centros de ensino universitario que integran as tres universidades públicas de Galicia: a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e a Universidade da Coruña. O universo incluíu 81 centros distribuídos do seguinte xeito:

- **Universidade de Santiago de Compostela:** 29
- **Universidade de Vigo:** 27
- **Universidade da Coruña:** 25

Para realizar o traballo de campo cuantitativo consideráronse como unidade de mostraxe os centros de ensino con número de teléfono.

5.2.2 Deseño da mostra

Estableceuse unha mostra final de **68 enquisas**, o que permitiu establecer un erro do 4,9%, calculado para un **nivel de confianza do 95,5%** e cunha varianza **$p = q = 0,5$** .

A mostra distribuíse proporcionalmente ao universo de centros segundo as tres universidades, se ben non é representativa estatisticamente por cada unha delas senón no seu conxunto.

Universidade	Universo	Mostra
Universidade de Santiago de Compostela	29	24
Universidade de Vigo	27	23
Universidade da Coruña	25	21
Total	81	68

5.2.3 Realización do traballo de campo e saída de datos

O traballo de campo realizouse en forma de entrevista telefónica asistida por ordenador. O período de realización foi entre o 7 e o 13 de febreiro de 2008. Como unidade mostral consideráronse os diferentes centros universitarios, todos con número de teléfono de contacto. Realizáronse chamadas de xeito aleatorio segundo cotas establecidas por universidade.

En canto á saída de datos, ademais de presentalos de forma conxunta para todo o subámbito, preséntanse segundo a universidade enquisada.

5.3 Análise dos usos lingüísticos

Usos lingüísticos nas comunicacións e elementos de uso externo

Polo que respecta aos usos lingüísticos nas comunicacións co exterior, observamos que o galego conta cunha presenza maioritaria. Así pois, esta lingua chega a alcanzar porcentaxes do 89,6% nos escritos a clientes e a provedores, e do 78,8% no caso das publicacións periódicas e non periódicas. A continuación, e cun 66,9%, sitúase o correo electrónico. Por último, os usos orais da lingua, representados mediante a atención presencial e telefónica e as conversas co público xeral e os provedores, acadan cifras do 52,9 e 53,5%, respectivamente. Así pois, advírtese como o galego é a lingua predominante nestas comunicacións e como goza de mellor saúde nos usos orais ca nos escritos.




Gráfico 62. Usos lingüísticos nas comunicacións orais e escritas co exterior

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán
■ Galego



No relativo á lingua utilizada no contestador automático, observamos como na metade dos casos os centros universitarios de Galicia utilizan as dúas, nun 7,1% o castelán, e en ningún unicamente o galego. Non obstante, cabe salientar a elevada porcentaxe de persoas que non respondeu ou non sabía contestar esta pregunta (un 42,9%).




Gráfico 63. Lingua empregada no contestador automático

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

No gráfico que se reproduce a continuación amósase a distribución do galego e do castelán en distintos elementos de identificación corporativa externa. Como se pode ver, existe un claro predominio do galego, con porcentaxes que nalgúns casos superan o 85%, como nos catálogos e trípticos (86,5%) e nos modelos de fax, papel de carta, tarxetas de visita, etc. (85,8%). No que respecta á publicidade, o galego é tamén maioritario en máis de tres cuartas partes dos casos (77,8%).




Gráfico 64. Usos lingüísticos nos elementos de identificación corporativa externa

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Outro dos elementos observados nos centros universitarios é a lingua ou linguas utilizadas nas páxinas web. Da observación despréndese que no 48,5% dos casos tanto o galego coma o castelán están presentes nas páxinas, polo que o bilingüismo é o trazo máis salientable. Ademais, en tres cuartas partes, o galego é a única lingua dispoñible, e só nun 10,6% as páxinas están redactadas unicamente en castelán.

lingua
galega




Gráfico 65. Lingua empregada na páxina web dos centros universitarios

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á situación da lingua galega no nome do centro no papel da carta, observamos que goza de moi boa saúde, pois nun 92,7% dos casos está en galego, fronte a un 4,4% en castelán. En relación cos rótulos principais e interiores, o galego tamén é a lingua maioritaria, cunha porcentaxe do 83,8%. O castelán está presente nun 13,2% dos casos, e só nun 2,9% se utilizan ambas.




Gráfico 66. Usos lingüísticos nos rótulos e no nome do centro universitario no papel de carta

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

- Non se distinguen
- En castelán
- En ambas
- En galego

En canto aos medios utilizados para facer publicidade, destaca por riba de todas as opcións a prensa, cun 66,7%. En segundo lugar, sitúanse os trípticos e os folletos e, en terceira posición, internet, cun 41,2%. Hai que destacar que case un de cada cinco centros non fai publicidade.





Gráfico 67. Usos lingüísticos na publicidade

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Usos lingüísticos na documentación e nas comunicacións orais internas

No referente á documentación interna, observamos que o galego é claramente maioritario nas circulares e notas internas (85,3%), nos formularios (90,9%) e nos materiais dos cursos (78,1%). Non obstante, na aplicación informática máis habitual predomina o castelán, que acada unha porcentaxe do 63,6%, fronte ao restante 36,4% que representa o galego.

**Gráfico 68. Usos lingüísticos na documentación interna**

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Nas comunicacións orais internas, a presenza da lingua galega oscila entre o 35,2% do profesorado e o 58,6% dos monitores en actividades non lectivas. Sitúase por debaixo do 50% o seu uso por parte dos directivos do centro (46,1%) e nas reunións de carácter interno (43,7%). Por outra banda, supera o 50% a utilización do galego nos contactos exteriores do equipo directivo (58,2%), e por parte do persoal de mantemento (55,4%) e do persoal administrativo (52,1%).






Gráfico 69. Usos lingüísticos nas comunicacións orais internas

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

Usos lingüísticos do profesorado e do alumnado

No relativo ao contorno lingüístico do centro universitario, observamos como a maioría se sitúa en contextos castelanfalantes, o que sen dúbida condiciona a lingua ou linguas utilizadas. Así pois, nun 63,6% o castelán é a lingua predominante do contorno dos centros, mentres que no 36,4% restante o é o galego. Ademais, o gráfico seguinte mostra a lingua utilizada polo profesorado en diversos contextos. Como se pode ver, existen moi lixeiras diferenzas entre as comunicacións orais e escritas nas aulas e nos contextos informais, cifras que nos tres casos roldan o 25%.




Gráfico 70. Usos lingüísticos no contorno do centro e nas comunicacións do profesorado

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

No caso do alumnado, observamos que o galego tamén se atopa nunha posición minoritaria, cunha porcentaxe do 28,6% nas tres situacións analizadas. O restante 71,4% correspóndelle ao castelán. Se desagregamos os datos por universidades, podemos comprobar que é o alumnado dos centros da Universidade de Santiago de Compostela o que en maior medida utiliza o galego.




Gráfico 71. Usos lingüísticos nas comunicacións do alumnado

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Castelán

■ Galego

5.4 Normas e criterios de uso lingüístico

En canto á existencia de normas ou criterios que especifican que lingua usar, observamos unha diversidade de casos. Así pois, nun 51,5% dos centros universitarios enquisados si teñen normas nas comunicacións escritas, cifra que se opón ao reducido 19,1% de casos na atención oral ao público. No caso da calidade lingüística das publicacións ou comunicacións, existen criterios ou normas no 30,9% dos centros universitarios e, por último, no relativo ao cambio de lingua, a porcentaxe en que contan con algún tipo de norma ascende ao 41,2%.




Gráfico 72. Existencia de criterios, regras ou normas que especifican que lingua usar

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Ns/Nc

■ Non

■ Si

Nos centros en que existen normas na atención oral ao público, observamos que predomina a opción 'por defecto en galego', seleccionada nun 84,6% dos casos. No restante 15,4% utilízase como criterio a lingua do receptor/a ou interlocutor/a.




Gráfico 73. Normas na atención oral ao público

Base: centros universitarios de Galicia con normas na atención oral ao público


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Ns/Nc

■ Non

■ Si

Nas comunicacións escritas, o seguinte gráfico amosa como en practicamente todos os casos se fan por defecto en galego, mentres que no restante 2,9% se utiliza a lingua do receptor/a. Podemos salientar que en todos os centros das Universidades da Coruña e de Vigo se emprega por defecto o galego, polo que a porcentaxe do 2,9 se corresponde con algún centro da universidade compostelá. Por outra banda, en todos os centros que teñen normas de carácter lingüístico para cando o interlocutor/a demanda un cambio de lingua este concédese.

**Gráfico 74. Normas nas comunicacións escritas**

Base: centros universitarios de Galicia con normas nas comunicacións escritas

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

En canto á aplicación das normas de calidade nas publicacións e nas comunicacións, no 40% dos centros que contan con estas normas aplícanas en todos os textos, mentres que no 60% restante só nalgúns. Neste caso danse diferenzas entre as tres universidades. Así pois, mentres os centros da Universidade da Coruña só as aplican nalgúns textos, na Universidade de Vigo aplícase nun 28,6% en todos os textos, e na de Santiago de Compostela esta porcentaxe ascende ao 41,7% dos centros.





Gráfico 75. Normas de calidade lingüística nas publicacións ou comunicacións

Base: centros universitarios de Galicia con normas de calidade lingüística nas publicacións ou comunicacións

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Polo que fai referencia á posta a disposición do persoal de ferramentas lingüísticas, como dicionarios, correctores, tradutores, etc., o 89,7% dos centros universitarios enquisados contestou positivamente a esta pregunta, fronte ao 10,3% restante que manifestou que non poñía estas ferramentas a disposición do persoal. O 55,9% dos centros universitarios enquisados conta con algunha persoa que desenvolve actividades de normalización lingüística. Por outra banda, no 41,7% deles valórase a lingua galega á hora de contratar persoal directamente e só nun 10,3% dos centros existen incentivos para a formación en lingua galega. Ademais, podemos engadir que nos centros da Universidade da Coruña non se incentiva a formación nesta lingua.



Do 41,7% dos centros que valora o galego na incorporación do persoal, o 60% valórao como mérito, mentres que un 40% o considera un requisito imprescindible, tal e como se reflicte no seguinte gráfico.





Gráfico 77. Criterio na valoración do galego na contratación de persoal

Base: centros universitarios de Galicia que valoran o galego na contratación directa de persoal

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Os poucos centros que ofrecen incentivos á formación en lingua galega decántanse principalmente polo financiamento total ou parcial nun 71,4% e por permitir facela en horario laboral nun 57,1% dos casos. Debemos salientar que na Universidade de Santiago de Compostela o financiamento total ou parcial está estendido a todos os centros, e que tamén se permite facela en horario laboral.

**Gráfico 78. Incentivos á formación en galego**

Base: centros universitarios de Galicia que incentivan a formación en galego

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Ns/Nc
■ Non
■ Si

5.5 Opinións e actitudes lingüísticas

O gráfico seguinte amosa cales son as actividades consideradas máis necesarias para promover o uso do galego. Como se pode ver, as opcións máis valoradas son a formación e o emprego de ferramentas lingüísticas, ambas con porcentaxes superiores ao 35%. O terceiro e o cuarto lugar ocúpano a motivación (23,5%) e o plan de accións (22,1%). As alternativas menos sinaladas son o establecemento de normas claras (2,9%), a sensibilización (8,8%) e os servizos lingüísticos (13,2%).

lingua
galega




Gráfico 79. Opinión sobre as actividades máis necesarias para promover o uso do galego

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Con respecto á utilidade dos diferentes recursos lingüísticos, en xeral observamos unhas porcentaxes moi elevadas en todas as opcións proporcionadas. Así pois, todos os recursos acadan porcentaxes iguais ou superiores a 75%. Os recursos lingüísticos considerados máis útiles son os correctores ortográficos, cunha porcentaxe do 92,7%. A continuación sitúanse os modelos de documentos en galego e os servizos lingüísticos, ambos cun 91,2%. Os recursos valorados como menos útiles son os programas informáticos en galego (75%) e a terminoloxía específica (77,9%).




Gráfico 80. Opinión sobre a utilidade dos diferentes recursos lingüísticos

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

A continuación o seguinte gráfico presenta o uso dos diversos recursos lingüísticos polos centros universitarios que os consideraron de utilidade. Deste xeito, advertimos que os correctores ortográficos, unha vez máis, encabezan a lista, cun 93,7% de uso. A segunda posición ocúpana os tradutores automáticos, cun 93%. Os dous recursos menos empregados son os cursos de galego (41,4%) e os programas informáticos nesta lingua (54,9%).





Gráfico 81. Utilización dos diferentes recursos lingüísticos polos centros universitarios que os consideran útiles

Base: centros universitarios de Galicia que consideraron de utilidade os recursos lingüísticos

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

A continuación ofrécese os datos relativos á evolución do uso do galego nos últimos cinco anos. No 42,7% dos centros enquisados pensan que segue igual, mentres que no 41,2% consideran que aumentou ou aumentou moito. So nun 4,4% consideran que diminuíu.

**Gráfico 82. Evolución do galego nos últimos cinco anos**

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Un 30,9% dos centros universitarios enquisados considera que o galego ten vantaxes e só un 5,9% cre que ten desvantaxes. Polo tanto, as opinións maioritarias neste sentido apuntan que o galego non ten vantaxes (52,9%), pero que tampouco presenta desvantaxes (76,5%). Con respecto ás perspectivas de aumento do uso da lingua galega, un 30,9% considera que aumentará antes dun ano e un 35,3% opina que se incrementará antes de cinco anos. En canto ao uso dos recursos lingüísticos da Xunta de Galicia, a enquisa realizada revela que un 63,2% os utiliza, fronte a un 26,5% que afirma non empregalos.






Gráfico 83. Vantaxes, desvantaxes, evolución do futuro do galego e uso dos recursos lingüísticos da Xunta de Galicia

Base: centros universitarios de Galicia


Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Ns/Nc

■ Non

■ Si

Do 26,5% de centros universitarios que non utilizan os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia constátase que esta falta de uso se debe, nun 83,3% dos casos, ao descoñecemento da súa existencia. Unicamente no restante 16,7% os centros coñecen estes recursos pero non os usan.



Polo que respecta ao uso do galego nas facultades e escolas universitarias de Galicia, os resultados atópanse bastante divididos. Por unha banda, existe un 36,8% que pensa que o uso do galego é normal e, por outra, un 35,3% considera que se utiliza pouco. Ademais, unha cuarta parte opina que se emprega bastante. Só un 2,9% cre que se utiliza moito.





Gráfico 85. Uso do galego nas centros universitarios de Galicia

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Con respecto ás actitudes sobre a utilización do galego no centro, os datos obtidos revelan que as actitudes desfavorables contan cunha mínima incidencia entre o alumnado, o persoal de administración e servizos e o persoal docente e investigador. Ademais, en arredor do 50% dos casos enquisados obtéñense actitudes favorables ao uso do galego no centro. Por último, cabe destacar unha ampla porcentaxe de indiferenza, que no caso do alumnado chega ao 47,6%.



Cando se realizou a enquisa aos centros universitarios de Galicia, no 45,6% era imposible distinguir a lingua utilizada pola persoa que respondía o teléfono. Por outro lado, no 35,3% dos casos, utilizouse o galego, fronte a un 19,1% que usou o castelán.






Gráfico 87. Idioma con que atenden por defecto

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

Polo que respecta á lingua elixida para a realización da enquisa, observamos que a maioría, en concreto un 66,2%, se amosou indiferente. No 26,5% dos casos a persoa enquisada escolleu o galego e no 7,4% restante, o castelán.




Gráfico 88. Lingua elixida para a realización da enquisa

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

5.6 Competencias lingüísticas

Con relación ás competencias lingüísticas, o primeiro gráfico amosa as necesidades existentes en función das catro destrezas. Como se pode ver, sobresaí a expresión escrita, que acadou unha porcentaxe do 69,1%. O segundo lugar, a moita distancia, ocúpao a expresión oral. As últimas posicións correspóndenlle á comprensión oral (19,1%) e á escrita (14,7%). Polo tanto, as maiores dificultades atópanse nas competencias activas.






Gráfico 89. Opinión sobre necesidades en materia de destrezas lingüísticas do persoal

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

■ Ns/Nc

■ Non

■ Si

En xeral, o persoal que traballa nas universidades de Galicia conta cos coñecementos axeitados de galego para o posto que ocupa. Como se pode ver no seguinte gráfico, é o persoal administrativo o que nunha porcentaxe máis alta (93,3%) posúe estes coñecementos. A continuación e seguidos moi de cerca sitúanse os vixilantes e os conserxes, cun 92,2%. Arredor do 90% atópanse os telefonistas e recepcionistas (88,9%) e os directivos do centro (89,1%). O profesorado e o persoal investigador, cunha porcentaxe do 69,4%, son os que posúen un coñecemento de galego menos axeitado para o seu posto.




Gráfico 90. Persoal empregado con coñecementos axeitados de galego para o seu posto de traballo por perfís lingüísticos

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

No gráfico seguinte analízase a porcentaxe de centros universitarios galegos en que o seu persoal fixo formación no último ano. Como se pode ver, en ningún caso as porcentaxes son superiores ao 25%, aínda que se sitúan por riba do 20% todos os perfís, agás o 3 (vixilantes, conserxes, etc.) e o 5 (persoal de mantemento).





Gráfico 91. Centros universitarios nos que houbo persoal que fixo formación de galego

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

5.7 Uso de linguas estranxeiras

Tal e como se pode observar no gráfico seguinte, máis da metade dos centros universitarios afirma utilizar habitualmente linguas distintas do galego e do castelán, fronte a un 45,6% que respondeu negativamente esta pregunta.

**Gráfico 92. Uso de linguas estranxeiras**

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

O inglés é a lingua utilizada en todos os centros que habitualmente empregan linguas estranxeiras. A segunda posición ocúpaa o portugués, cun 29,7%. O francés acada unha cifra do 13,5%.




Gráfico 93. Linguas estranxeiras usadas

Base: centros universitarios de Galicia que empregan linguas estranxeiras

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

5.8 Índice de normalización lingüística

O índice de normalización lingüística (INL) do ensino universitario é de 71,98, o que, situado nunha escala de 0 a 100, amosa un nivel medio-alto.

Como se pode ver, en todos os factores manexados se alcanzan valores superiores a 50, o que indica que existe un nivel medio de normalización en todos os aspectos valorados. O factor 4, documentación de uso externo, é o que obtén un nivel máis elevado, concretamente de 85,08, o que se explica por un uso claramente maioritario da lingua galega na documentación impresa das tres universidades de Galicia.

O factor 1, imaxe e rotulación, sitúase en 76,30 e reflicte que a presenza do galego é habitual na identificación social dos centros universitarios (facultades e escolas), na rotulación interna e externa, así como nas páxinas web e na publicidade.

Tamén por riba do INL, aínda que moi lixeiramente, atopamos o factor 3, criterios de uso lingüístico, que obtén un valor de 72,29. Este valor mostra que existe unha elevada porcentaxe de centros universitarios que poñen a disposición do persoal ferramentas lingüísticas e que en máis da metade destes teñen criterios que especifican que lingua utilizar nas comunicacións escritas.

O resto dos factores, pois, atópanse por debaixo da media, aínda que superan o valor de 50, como xa indicamos. O factor 2, adecuación lingüística do persoal, acada 68,88, posto que, en xeral, o persoal que traballa nas universidades galegas conta cos coñecementos adecuados de galego para o posto de traballo que desempeña.

O factor 5, comunicación exterior, obtén un valor de 65,43. Este factor mide o grao de normalización lingüística nos textos, orais e escritos, producidos polos centros universitarios de Galicia.

Finalmente, o factor 6, documentación e comunicación interna, é o que alcanza unha cifra máis baixa: 58,82, aínda que se sitúa por riba de 50. Nel valórase a lingua utilizada en impresos e documentos internos, así como tamén nas comunicacións orais de carácter interno. Como se pode ver, o galego goza de mellor saúde nas comunicacións externas ca nas internas.




Gráfico 94. Índice de normalización lingüística

Base: centros universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega

5.9 Conclusións

As principais conclusións que se poden extraer da observación realizada no subámbito dos centros universitarios son as seguintes:

- O galego é a lingua predominante nas comunicacións orais e escritas co exterior, especialmente nestas últimas, pois goza de usos especialmente elevados nas publicacións periódicas e non periódicas, no correo electrónico e nos escritos a provedores.
- Existe un claro predominio do galego nos elementos de identificación corporativa externa, dado que as cifras de uso desta lingua oscilan entre o 77,8% da publicidade e o 86,5% dos catálogos e trípticos.
- Nos rótulos principais e interiores e no nome do centro no papel de carta o galego é a lingua predominante, con porcentaxes situadas entre o 83,8% no primeiro dos casos e o 92,7% no segundo.
- En case a metade dos casos as páxinas web dos centros están redactadas en galego e en castelán e en tres cuartas partes o galego é a única lingua dispoñible. Só nun de cada dez centros se utiliza en exclusiva o castelán.
- O galego é a lingua claramente maioritaria nas circulares e notas internas, nos formularios e nos materiais dos cursos, aínda que non así na aplicación informática máis habitual, na que prevalece o castelán.
- Nas comunicacións orais internas, a presenza da lingua galega oscila entre o 35,2% do profesorado e o 58,6% dos monitores en actividades non lectivas.
- No 25% dos centros universitarios enquisados o profesorado utiliza o galego nas comunicacións nas aulas, fronte a un 75% do castelán. En canto ao alumnado, a porcentaxe de uso do galego sitúase no 28,6%, lixeiramente por riba do uso do galego que fai o profesorado.
- Son minoría os centros universitarios que contan con regras ou criterios que especifican que lingua utilizar. Tan só no caso das comunicacións escritas a porcentaxe ascende ao 51,5% dos centros.
- En case nove de cada dez centros, estes puxeron a disposición do persoal ferramentas lingüísticas. En máis do 40% valoran o galego á hora de incorporar persoal (no 40% como requisito) e case o 56% conta con algunha persoa que desenvolve actividades de normalización lingüística. Por outra banda, tan só o 10,3% incentiva a formación en lingua galega.
- A formación e o emprego de ferramentas lingüísticas son os dous recursos considerados máis necesarios.
- Os recursos lingüísticos considerados máis útiles son os correctores ortográficos, os modelos de documentos en galego e os servizos lingüísticos.

- Un 42,7% dos centros enquisados considera que o uso do galego nos últimos cinco anos continúa igual, mentres que un 35,3% cre que aumentou.
- Máis dun 30% dos centros enquisados cre que o galego ten vantaxes, mais o 76,5% non considera que teña desvantaxes. Arredor de tres de cada dez persoas enquisadas pensa que se vai producir un aumento do uso do galego nos próximos anos.
- O 63,2% dos centros universitarios utiliza os recursos lingüísticos da Xunta de Galicia. Entre os que non os empregan constátase un descoñecemento maioritario.
- O 36,8% das persoas enquisadas que pensa que o uso do galego no seu centro é normal e un 35,3% considera que se utiliza pouco. Ademais, unha cuarta parte opina que se emprega bastante.
- Polo que respecta ás competencias lingüísticas, case sete de cada dez consideran que é na expresión escrita onde o persoal dos centros universitarios ten máis dificultades.
- Gran parte do persoal que desenvolve a súa actividade nas universidades ten unha competencia axeitada de lingua galega, tal e como o demostran as elevadas porcentaxes de adecuación obtidas en todos os perfís observados. Por outro lado, constitúen unha minoría os traballadores que fixeron formación en lingua galega no último ano.
- Con relación ao uso de linguas estranxeiras, estas son habituais en máis da metade dos centros universitarios. A lingua estranxeira predominante é o inglés, seguida do francés e do portugués.
- O índice de normalización lingüística (INL) do ensino universitario é de 71,98, o que, situado nunha escala de 0 a 100, amosa un nivel medio-alto de normalización da lingua galega.

6. ANÁLISE CUALITATIVA DOS RESULTADOS

6.1 Panel sobre os usos lingüísticos na educación infantil e primaria

Desenvolvemento do panel

Presenza maioritaria do castelán nas cidades:

Opínase que o galego ten que estar na escola, pero, ao mesmo tempo, na cidade de Pontevedra non falan galego os nenos. Coméntase un caso en que, de 150 nenos, só hai un galegofalante. Ademais, cando os nenos/as están aprendendo a falar e son castelanfalantes, é moi difícil introducir o galego. Por outra banda, os nenos galegofalantes cambian ao castelán, porque a relación cos iguais, o xogo, é nesta lingua.


Así mesmo, apúntase que a familia é moi importante. O problema en Pontevedra xa vén da educación infantil e, ademais, existen moitos profesores/as que teñen problemas para impartir a clase en galego.

Con respecto á existencia de recursos e materiais en galego, hai diversidade de opinións, pois hai quen pensa que hai unha gran carencia, sobre todo en infantil, e outros cren que existen bastantes recursos nesta lingua.

Imposición da lingua galega:

A cuestión é posicionarse, pero ás veces as posturas son moi políticas (imposición, modas, etc.) e hai persoas que non asumen unha conciencia, quizais porque se está impoñendo. Con respecto á conciencia, opínase que o camiño debe ser a naturalidade e o equilibrio. Por exemplo, no fogar o uso ten que ser natural. Os políticos e a igrexa, por exemplo, usan o galego por imposición. Na escola hai que fomentar materiais nas dúas linguas e sobre todo en galego, por ser a lingua desfavorecida.

Tamén se opina que a sensación de imposición desde a Xunta de Galicia está presente e algún participante cuestiónase ata que punto é obrigatorio e se isto vai prexudicar a aprendizaxe, se lles vai custar máis traballo aos nenos aprender nunha lingua distinta da súa.



É necesario crear hábitos de comunicación. Está claro que non se lles pode impoñer aos pais a lingua en que lles falan aos seus fillos. Existe un grupo reducido de pais que devolve as circulares que lles mandan en galego e o libro co réxime interno. Tamén se comenta o caso de persoas desprazadas que pretendían que os seus fillos estivesen exentos de estudar a lingua galega.

Debate sobre o uso do galego:

Con respecto a se hai un debate sobre o uso do galego, opínase que houbo momentos en que si, pois albiscábase unha maior presenza do galego nos centros. Non debe haber un enfrontamento entre as dúas linguas, galego e castelán. Considérase que cómpre ser pedagóxicos e que cada persoa fale a lingua que queira. Destácase que o galego non se utiliza a miúdo como ámbito de encontro, senón como enfrontamento. Este debate sería importante que se fixese nos claustros, pero normalmente cando se dá existe un certo carácter reivindicativo, pois a persoa que quere que se aplique a normativa vixente é a que exerce presión. O debate é complexo, sobre todo cando o profesorado castelanfalante reivindica que ninguén lle poida esixir falar galego na aula.

Plurilingüismo nos centros:

No proxecto lingüístico de centro propónse o plurilingüismo, que os alumnos posúan as mesmas competencias nas dúas linguas ao acabar a educación primaria, pero incrementando o galego, posto que se atopa nunha situación de desigualdade. O galego vai avanzando, especialmente na escrita, na que si se está cumprindo a normativa, pero non na oralidade. Nas reunións fálase máis castelán e desde o equipo de normalización lingüística intentan non entrar en conflito con esta lingua.

Polo que respecta á situación dos colexios relixiosos, antes había unha gran presenza de relixiosos casteláns, pero na actualidade todos os equipos directivos son laicos e estanse dando pasos moi importantes, pois cada vez hai máis recursos informáticos, actividades, concursos, etc. en galego.

Prexuízos e posicións ante o galego:

En relación cos prexuízos, hoxe en día estanse sumando algúns novos, como por exemplo que o galego non serve para nada, que constitúe un obstáculo para a aprendizaxe, así como a identificación da persoa que fala galego cunha determinada ideoloxía política nacionalista. É preciso desterrar os prexuízos. Opínase que todo o que se está facendo en infantil e primaria, aínda que non se chegue ao 50% de galego, sempre vai ser bo para que o neno/a alcance as competencias lingüísticas que debe ter.

Indícase que na actualidade faltan modelos sociais que sexan un referente para a xuventude, persoas con éxito que utilicen o galego.

O peor posicionamento é o das familias, que lle botan as culpas ao galego. Póñense como exemplo os inmigrantes que, cando rematan a primaria, son mellores galegofalantes cós autóctonos, xa que eles ven o galego como unha necesidade de adaptación ao lugar en que viven. Hoxe en día non hai concienciación da necesidade da lingua.

As linguas deben considerarse unha riqueza, pero existen moitos profesores que pensan que para que fai falta o galego e moitos outros que opinan que é unha bandeira política.

Entre o profesorado, existen grupos de traballo, pero están mal pagados e desmótvanse. Ademais, existe pouca axuda para a normalización lingüística. Por outra banda, afírmase que o problema lingüístico se atopa en todos os ámbitos da sociedade.

Existen poucas reunións entre pais e profesores e os pais non consideran necesario o tema da lingua ou non teñen tempo, aínda que consideran que é imprescindible que exista unha relación entre os pais/nais e os profesores/as. Tamén se constata a existencia de poucas reunións entre os propios profesores/as e, por conseguinte, a falta de coordinación para tratar cuestións como a da lingua. Non hai conciencia social da necesidade do galego e as Administracións non poden impoñer unha lingua. Tamén son necesarios medios para que o profesorado poida facer o seu traballo. Aos pais non lles importa demasiado a cuestión da lingua.

Demandas á Administración:

En canto ás demandas que se lle fan á Administración, atópanse máis medios e recursos, e que apoiem as iniciativas que xorden nos centros para o profesorado. Tamén se deben implicar máis as ANPA dentro do traballo lingüístico, pois estas poden facer algo pola lingua, pero precisan dun profesional que as coordine en materia lingüística. Así mesmo, tamén é necesaria a concienciación dos pais e das nais, que o proxecto lingüístico de centro saia da Administración e que despois cada centro o modifique segundo o seu contexto.

Conclusións do panel

- Considérase a importancia do contorno en que se sitúa o centro (rural/urbano) e, por conseguinte, da lingua materna dos nenos/as. Na cidade de Pontevedra, por exemplo, a inmensa maioría do alumnado de infantil e primaria ten como lingua materna o castelán. Ademais, os poucos que teñen o galego vanse castelanizar, porque na relación cos seus compañeiros/as (castelanfalantes) empregarán a lingua maioritaria destes.
- Continúan existindo actitudes pouco beneficiosas cara á extensión da lingua galega: prexuizos, indiferenza e mesmo odio, principalmente entre profesores e pais.
- Existe unha parte do profesorado que non está a favor da aplicación do novo decreto do ensino, ben por falta de competencias ou ben por prexuizos, incluso de carácter político.
- Hai centros onde o decreto non se cumpre, especialmente no que atinxe á comunicación oral. En todo caso, a presenza do galego está aumentando, especialmente desde o último ano, aínda que hai quen considera que os avances son demasiado pequenos e lentos.
- Apréciase un excesivo voluntarismo nos equipos de normalización lingüística, que deixan a normalización e a dinamización lingüísticas dos centros educativos en mans duns poucos mestres/as concienciados. Non hai recoñecemento suficiente a este traballo, o que produce frustración no colectivo docente implicado.
- Constátase aínda hoxe unha falta de medios e recursos para o ensino en galego, especialmente na etapa infantil.

- Existen carencias na competencia lingüística do galego dalgúns profesores/as, especialmente na expresión oral. Ademais, este persoal está pouco motivado a mellorar neste campo, porque xa ten unha posición consolidada e non o ve necesario.
- Identifícase que o profesorado é clave e ten unha grande influencia no comportamento lingüístico dos alumnos/as de infantil e primaria. Parece que existe unha parte deste colectivo que non se dá conta deste feito.
- Debería haber máis diálogo sobre o tema da lingua entre os diversos actores que inciden na educación (profesorado, pais, etc.), dun xeito natural (como o propio panel de escoita), para que todos poidan expresar os seus puntos de vista e chegar a acordos. Ás veces, os promotores das iniciativas ligadas ao galego non son os máis axeitados.
- Existe unha falta de concienciación social da riqueza lingüística. A introdución do galego debería comezar nas familias, dun xeito natural, pois non se debe ir polo camiño do enfrontamento.
- A maioría do profesorado non é consciente da importancia do tema da lingua, tanto para que os alumnos/as consigan a competencia lingüística necesaria, como para a normalización social do uso da lingua (lograr un uso normal, eliminar prexuízos, conseguir un enfoque racional deste tema, etc.).
- Parece que os profesores/as non teñen unha formación profesional nos temas relacionados co uso das linguas na súa actividade docente.
- Apréciase unha falta de criterio do uso das linguas nos centros de ensino, pois parece un tema individual de cada profesor/a. Ademais, conséntase unha falta de mando dos centros sobre o colectivo do profesorado no eido da lingua.
- Parecen existir dúbidas, inseguridade e opinións encontradas entre o profesorado sobre a conveniencia e as consecuencias do uso dunha ou dúas linguas co alumnado de educación infantil e primaria.
- Os centros non lle outorgan importancia ao tema da lingua, posto que non o teñen situado enriba da mesa. Non o debaten no centro, non teñen obxectivos e non fan control e seguimento da súa situación, polo que non toman accións.
- Semella que a partir do último decreto o tema da importancia dos idiomas está a ser tido máis en conta, dado que se ten que facer unha planificación, un proxecto, etc.
- Os centros parecen precisar orientación e apoio para cumprir as obrigas que impón o último decreto.

6.2 Panel de escoita sobre os usos lingüísticos na educación secundaria, bacharelato e ciclos formativos

Desenvolvemento do panel

O ensino como elemento desgaleguizador:

Constátase que o ensino é desgaleguizador e que se produce en pouco tempo o cambio de galego a castelán. Neste sentido non se avanzou nada e non está ben considerado ser galegofalante. Os nenos rinse dos que falan en galego. Coméntase que nalgúns centros cumpren con toda a lexislación, pero por moito que intentan usar o galego, fóra do centro, cos pais e a sociedade, os rapaces cambian ao castelán.

Outro participante opina que o ensino non é desgaleguizador, senón que é a sociedade en xeral a que é desgaleguizadora. Polo tanto, se un rapaz non fose ao instituto, desgaleguizaríase igual. Polo que respecta ao profesorado, unha persoa opina que no seu centro non hai rexeitamento entre o alumnado, tampouco entre os pais (polo menos publicamente), pero cre que hai unha falta de actitude, porque case todos os profesores/as son capaces de dar a súa materia en galego. Hai profesores que si dan materias en galego e outros non o fan porque non queren. A actitude do profesorado é importante á hora de non provocar rexeitamento, pois non aceptan a obriga de ter que impartir unha clase en galego. Estas actitudes poden modificarse.

Afírmase que antes nin sequera había comprensión da necesidade de aprender a lingua. Agora avanzouse un pouco e isto está totalmente superado, posto que son dúas linguas oficiais e tamén hai que aprender unha lingua estranxeira. A gran maioría recoñece a necesidade de que todos os que viven aquí coñezan as dúas linguas. Integrar o galego como lingua habitual a castelanfalantes é máis difícil e cústalles aos rapaces.

Indícase que a case ninguén lle gusta a materia de lingua galega, aínda que esta materia está asumida polo alumnado. Un participante opina que hai centros que terían que facer un intento por galeguizar, pero moitos pais rexeitan a galeguización e non cren que entre os servizos do colexio estea galeguizar os seus fillos. Trátase esta dunha perspectiva distinta do problema. Ademais, existen pais que teñen medo de que os seus fillos saian da escola sen falar castelán, posto que se compara co modelo catalán.

Uso da lingua galega:

Afírmase que os que se expresan en galego o fan por cuestións políticas, ideolóxicas, como cuestión persoal. Tamén se dan casos de fillos de pais galegofalantes que falan castelán no centro. Outra persoa apunta que o problema non está no ensino, senón na sociedade, a respecto da utilidade. Venlles utilidade ao castelán e ao inglés, pero non ao galego. Hai quen pensa que as campañas para potenciar o galego non deberían estar no ensino. Primeiro hai que normalizar o galego fóra do ensino e despois nel, e non ao revés. O exemplo dos políticos é malo, porque utilizan o castelán. Tamén hai profesores que teñen rexeitamento á imposición, que poderían dar a clase en galego e non a dan por rexeitamento. O profesorado é un elemento clave que dá exemplo.

Existe unha parte do profesorado que pensa que detrás da imposición está o nacionalismo. Hai cuestións de carácter ideolóxico e relixioso. Hai profesores/as que teñen o libro en galego, pero que dan a clase en castelán. Moitos escúdanse na inseguridade, pois séntense máis seguros en castelán.

Decreto do galego no ensino:

En canto ao decreto do galego no ensino, afírmase que este nace do consenso parlamentario e que é pouco contestable. Con todo, o decreto non se cumpre, porque moitos profesores non cumpren coa obrigaón que teñen. Fai falta un pouco de decisión. Tamén se constata unha diferenza entre os profesores novos e vellos. Os novos non se rebelan. Así mesmo, existe unha diferenza entre o primeiro ciclo da ESO (antes mestres) aos do segundo. No primeiro ciclo cúmprese a normativa, o que pode explicarse quizais porque os mestres tiveron moito contacto co medio rural ou porque están máis afeitos a acatar as ordes. Os profesores/as de primaria son moi conscientes de que se van dedicar ao ensino. Os de secundaria, en cambio, son máis “catedráticos”. A persoa que estuda Maxisterio sabe desde que está facendo a carreira que se vai dedicar ao ensino e ten mellor aprendidas as técnicas pedagóxicas.

En canto ao cumprimento deste decreto, hai moita diferenza e opínase que cumpren máis os centros privados, pois non hai tanto rexeitamento. Indícase que, tal e como está concibido, o ensino é o único encargado e responsable de galeguizar. A Administración pensa que co decreto do galego no ensino xa está todo feito. Á mesma Administración non lle importa a lingua que se utiliza, incluso en campañas publicitarias.

Opínase que antes non se cumpría a lei e non pasaba nada. Existe quen pensa que o decreto é impecable e que a súa aplicación en Galicia non debería ter problemas ningún. Outra persoa entende que haxa xente que rexeite este decreto, posto que supón unha dificultade engadida para un rapaz que chegase de fóra de Galicia.

Novas tecnoloxías e profesorado:

Apúntase que o profesorado é un elemento clave, pero hai poucos contidos en galego nos medios de comunicación, internet, etc. En canto ás novas tecnoloxías, ademais, afírmase que os ordenadores están programados en castelán, o cine está en castelán, etc. O problema non é exclusivamente do profesorado, senón de que estamos rodeados do castelán. En canto aos usos do galego, trátase dun idioma institucional, de algo ritual. Existe un problema relacionado coas novas tecnoloxías, pois non hai terminoloxía e a Administración non facilita mecanismos para consultas.

Constátase que non hai ningún tipo de control sobre a lingua en que un profesor imparte a súa docencia, pois non é función da dirección. En canto ao alumnado, este pode ter competencia pero non utilizar a lingua. A finalidade do decreto é clara, aínda que hai persoas que discrepan deste. No ensino público o director non manda, coordina, e existe unha certa tendencia entre o profesorado a sentirse con liberdade para utilizar a lingua que desexe. Os profesores/as son fundamentalmente de clase media, falan máis castelán ca galego e non se senten responsables de ser defensores dunha ou doutra lingua.

O profesorado fala fóra das clases en castelán, pero hai libros en galego, as clases son a maioría en galego. Hai pais que se queixan porque os fillos teñen os libros en galego. As persoas están máis habituadas ao castelán, a sociedade non é receptiva e ademais existen cuestións de tipo ideolóxico.

Ensino público e privado:

No ensino privado, en cambio, a organización é máis xerárquica e a dirección asume un rol máis controlador. Atópanse cun profesorado castelanfalante, pais e nais castelanfalantes e queixas porque hai materias en galego. Na ANPA hai descontento polo novo decreto, porque o ven como unha imposición. A dirección tampouco fai presión, non asume un rol de impoñer. Algúns están dispostos a defender o seu dereito a expresarse nunha das dúas linguas oficiais. Tamén se constata que nos centros de primaria a dirección ten un papel de mando, pero non ocorre o mesmo nos de secundaria.

Un participante opina que, se hai que cumprir a lexislación, hai que someterse a ela. No ensino público son empregados da Administración e pódeseles esixir a cualificación e o compromiso. No privado non o esixen. Ademais, en centros non sostidos con fondos públicos, os pais asumen un proxecto (existe un prestixio social). Son unha empresa privada e poden facer o que queiran. Non obstante, se se quere normalizar, sería máis importante comezar pola privada ca pola pública. Dado o prestixio daquelas, sería un modelo que imitarían.

Debate sobre o uso do galego:

Ante a pregunta de se o tema da lingua está posto enriba da mesa, afírmase que non hai receptividade na Administración. Incluso para os propios inspectores é un tema incómodo que evitan controlar. Ademais, as direccións tampouco están dispostas a facelo.

Unha persoa di que é preciso adoptar a vía da persuasión, porque pola vía da imposición non se consegue gran cousa. Outros participantes cren que se trata dunha norma e que, polo tanto, existe unha obriga de cumprila. É necesario combinar obriga e persuasión.

Afírmase que a integración en Cataluña non é máis difícil ca en Madrid. Hai varios estudos que afirman que o feito de estudar unha segunda ou unha terceira lingua facilita a aprendizaxe. Ademais, galego e castelán son idiomas próximos e enténdese a terminoloxía.

Importancia das familias:

Os pais tamén teñen moito que ver neste tema. As familias non lle dan valor á lingua. O seu obxectivo é ir estudar fóra e entón o galego non serve. Cando o galego teña valor, os pais querrán que os fillos aprendan galego. O obxectivo básico é que os rapaces teñan competencia en galego e os políticos deben ter isto moi claro.

Para os pais hai unha serie de materias que estes consideran útiles (as matemáticas, o inglés e o castelán). Existe unha percepción clarísima de que o galego non é útil. A única maneira é transmitir o galego como patrimonio cultural. As cuestións de tipo emotivo son as únicas útiles. Tamén se precisa o castelán e outros idiomas. Ademais, os alumnos pensan que nunca lles van pedir o galego e a realidade é

que si que llelo piden. Os alumnos teñen que ver isto. A sociedade ten que ver que é necesaria a lingua, pero é difícil pasar de castelanfalante a galegofalante. Dar o paso de que a xente entenda a necesidade de dominar a lingua e saber usala non é fácil.

Cando se pregunta se é a sociedade a que ten que actuar, unha persoa opina que o sistema educativo ten que facer cousas, pero non é o único. A Administración ten un papel fundamental e debe incidir na parte máis tecnolóxica, nas ferramentas que precisan os docentes para desenvolver o seu traballo. Existe xente con capacidade para falar en galego, pero que é moi tímida. Cre que se deben facilitar cursos de capacitación lingüística, posto que os profesores/as son comunicadores e referentes. No futuro, a tendencia debería ser a da normalización da situación, posto que se fala máis galego do que poida parecer.

O papel da Administración:

Opínase que a Administración si fai cousas, fornece de vocabularios específicos. Critícanse os cursos de formación do Cefore, que son sempre os mesmos. Ademais, os profesores fan os cursos porque precisan puntos para concursar, trasladarse, etc., pero non os fan para aproveitálos.

Outro participante cre que a Administración ten moito que facer, pero esta ten que crer no que está facendo e facelo con ilusión, transmitindo paixón. En canto ao futuro, considera que se avanzou moi pouco, aínda que pode cambiar coas novas xeracións. Existe quen apunta que se trata dun labor bastante duro, cumpren o decreto, pero despois todos falan castelán fóra das clases. O contorno é importante

Un participante afirma que a Administración ten que cumprir o seu papel, pero que vai ser difícil se non hai presión social a favor da normalización do galego. O profesorado pertence a esa sociedade e é moi difícil que pense dun xeito distinto. É un labor a moi longo prazo e amósase pesimista. Existe un sector social que aínda non cre que o avance vaia vinculado a falar máis galego. Entende a realidade dos pais que non queren avanzar no galego, que se trata dun sector urbano de clase media-alta.

Unha persoa cre que a sociedade, a utilidade e o profesorado son elementos fundamentais. O menos importante é o alumnado, porque non é reticente, non existe rexeitamento, nin sequera cos alumnos de fóra. A Administración ten que crear as condicións onde corresponda, sen ameazas de imposición. Ve o futuro do galego difícil, tendo en conta como está hoxe, e coida que se converterá nun idioma residual.

Outra opinión sostén que a Administración ten que facer máis esforzo en facer chegarlle á sociedade a necesidade de conservar a lingua, pero é unha actitude de convencemento e non de obriga ou imposición, porque pode ter un efecto rebote e ser contraproducente.

Por último, outra persoa cre que hai que incidir no conxunto da sociedade, porque, se non, parece que o único axente galeguizador é o ensino. Os profesores/as teñen que coaduxar na transmisión do coñecemento. E cómpre axudalos facendo algún tipo de curso orientado á materia que imparte cada profesor. Os fillos non ven tan rara a galeguización como os pais.

Conclusións do panel

- Séguese a producir a desgaleguización do alumnado nos centros educativos urbanos: a pequena minoría de alumnos que entra falando galego, normalmente do extrarradio da cidade, acaba utilizando o castelán, debido a que é a lingua predominante entre os seus propios compañeiros/as, aínda que no bacharelato, por exemplo, xa non acontece tan claramente. En todo caso, o causante principal da desgaleguización é a sociedade en xeral na que se moven os mozos/as (ámbito urbano, medios de comunicación, ocio, etc.) e non é consecuencia directa e fundamental do sistema educativo en si mesmo.
- Hoxe en día os pais non poñen en cuestión a necesidade de que o alumnado consiga as destrezas lingüísticas en galego. Non obstante, hai un rexeitamento claro, especialmente entre os pais de clase media-alta e alta á galeguización do ensino. Tamén acontece en parte do profesorado e incluso no alumnado, malia que de xeito minoritario. Entre as razóns: falta de utilidade do galego, aposta polo inglés e o castelán, consideracións políticas, etc.
- Existen prexuízos cara ao galego na comunidade educativa: dos propios pais, en parte do alumnado e tamén entre unha parte do profesorado.
- Decreto do galego no ensino, en xeral, non se cumpre na súa totalidade. A falla de disciplina entre o profesorado, a ausencia de responsables aos que dar contas (no ensino público) e tamén a falta de actitude dos profesores/as máis que de competencias é a consecuencia principal nos centros públicos. Nos privados existe maior disciplina, pero atopan un rexeitamento moi importante nos pais. Todo isto, unido á falla de profesionalidade da inspección educativa na realización do seu labor, provocan a situación actual.
- Na educación pública existe unha falla de dirección sobre o profesorado, e os principios de cumprir e facer cumprir non se aplican como norma. Depende da actitude persoal máis que do que o sistema estableza. A inspección educativa non cumpre o seu papel, en gran medida porque busca evitar problemas e conflitos, e céntrase basicamente en aspectos administrativos formais. En gran parte isto está motivado pola orixe dos inspectores, compañeiros dos propios inspeccionados, polo que existe un gran corporativismo.
- É necesario que a Administración tome medidas complementarias ao establecemento do decreto: cursos de galego orientados á impartición de clases en galego das novas materias, control efectivo do cumprimento do decreto, creación de materiais educativos en galego de calidade, creación de mesas de debate coa comunidade educativa nos centros para tratar o tema da lingua e resolución de dúbidas. A sensación é de abandono unha vez pasada a responsabilidade de aplicar o decreto nos centros.
- Profesorado novo, a diferenza do máis vello, adoita cumprir a normativa lingüística. Este fenómeno acentúase especialmente entre o colectivo que imparte en niveis superiores (bacharelato, etc.), que considera que ten liberdade de cátedra e que iso inclúe o idioma en que imparte as súas materias. Por iso existe menor cumprimento nestes colectivos que nos de infantil.
- A idea de identificar o ensino como o principal axente galeguizador do alumnado é errónea. O ensino si consegue que os alumnos/as teñan competencias lingüísticas en galego, pero non é a vía para que o seu uso aumente. Debe ser a sociedade a que demande o galego para facelo útil, o que provocaría máis interese pola lingua galega: empresas que demanden o seu

coñecemento, máis medios de comunicación en galego, etc. Hai que actuar sobre a sociedade de xeito que iso inflúa na educación e non ao revés. Hoxe en día non se identifica avance e progreso coa lingua galega, especialmente nas clases medias e altas.

- O alumnado non é o principal atranco para aumentar a galeguización do ensino. Hai que actuar principalmente sobre o profesorado e evitar os gastos de normalización que non son útiles (libros que ninguén usa, etc.), senón destinalos a recursos tecnolóxicos de apoio ao profesorado en galego, cursos de axuda de impartición oral de materias en galego, etc.

6.3 Panel de escoita sobre os usos lingüísticos nas universidades

Desenvolvemento do panel

O galego na universidade:

Ante a pregunta de se a lingua galega debe estar na universidade ou se debe renunciar a este ámbito, un participante afirma que o galego debe de estar en todos os campos, que o inglés é a lingua do presente e que todas deben situarse ao mesmo nivel. Outro participante pensa que a lingua ten que ir calando pouco a pouco e parécelle pouco útil que se lles pague aos profesores/as que imparten a docencia en galego. Outra persoa opina que non se pode obrigar a dar clase en lingua ningunha.

Cando se pregunta se existe conflito, afírmase que non hai unha situación natural, porque o galego non xorde nin se deixa que xurda de maneira espontánea. A diglosia está presente e o feito de que o profesorado se exprese en castelán inflúe na lingua que utilizan os alumnos.

Con respecto á lingua dos exames, unha persoa afirma que moitos alumnos empregan o galego e que isto non presenta problema ningún. Algúns profesores/as poñen os exames, por defecto, en galego, a non ser que llelo pidan en castelán.

Afírmase que o galego vive hoxe nunha situación en que é prescindible, non é necesario. Tamén se lanza a pregunta de por que se promove unha lingua e non outra e respóndese que se incentiva o que precisa incentivo e que é necesario primar o galego para que non desapareza do ámbito universitario.

Saliéntase que existen inercias moi poderosas e que hoxe en día as universidades herdaron unha situación en que o galego non tiña presenza e que os avances foron moi pequenos. Dado que a universidade se nutre dela mesma e a maior parte da docencia é en castelán, ten que darse un cambio. Outra persoa pensa que o catedrático/a non inflúe na lingua do doutorando/a, pois a capacidade do profesor/a vén do currículo e non da docencia.

Diversidade lingüística:

Considérase que as linguas suman e que cantas máis se coñezan mellor. Ese é o camiño que teñen que seguir as universidades e co Espazo Europeo de Educación Superior aínda máis. Non se pretende unha universidade monolingüe en galego, pero tampouco exclusivamente en inglés. As linguas son todas necesarias. Polo que respecta ao uso do galego na docencia, na universidade conviven realidades moi distintas: existen centros en que o uso do galego na docencia é maioritario, mentres que noutros é anecdótico. Opínase que a lingua da docencia é fundamental e que a lingua dos estudantes está mediatizada pola do profesor.

Debate do uso do galego:

Pregúntase se existe debate arredor do uso do galego no ámbito universitario e xorden distintas opinións. Hai persoas que afirman que o galego é obxectivo de moitas campañas de difusión cultural e que é preciso concienciar os docentes, pois estes contan cun peso importante dentro da universidade. Outras persoas, en cambio, opinan que é un tema do que se fala, pero que non se ve como un problema. Ademais, existe quen considera que o profesorado non é unha figura moi importante e que cada vez este colectivo inflúe menos no alumnado. Pode ser que na clase se use máis o galego, pero fóra da aula segue primando o castelán. Outras persoas cren que os profesores si deben ter en conta o idioma que utilizan. No que parecen estar de acordo varios participantes do panel é en que o profesor é autónomo no ámbito universitario.

Opínase que os profesores/as novos falan galego e que se trata dunha cuestión de idade. Non se detectan problemas coa terminoloxía por non ser o galego unha lingua científica e culta, pero salientase que o galego e o castelán son inferiores ao inglés e que a diglosia contra o castelán non é correcta en xeral, aínda que si no uso.

Accións para promover o uso da lingua galega e perspectivas:

En canto ás accións que se poderían levar a cabo para que o profesorado utilice máis o galego, destácase que existen docentes que teñen medo de usar esta lingua, porque os alumnos/as teñen mellores competencias no galego e temen que os corrixan. Nunha universidade galega existe un plan de axuda á docencia polo cal se fomenta o uso da lingua galega, pero un dos participantes está en contra desta medida, posto que perpetúa a persoas que só o fan polos cartos.

Maniféstase, pois, que seguen existindo os prexuízos dunha falta de competencia no galego. Considérase que é necesario que se fale máis galego, pero non de forma imposta e que, á fin de contas, se trata dunha cuestión individual. Apúntase que os medios de comunicación son moi importantes e que estes son maioritariamente en castelán. É de vital importancia que sobreviva o galego, que está tamén unido á identidade.



Outro participante opina que a universidade non vai influír na desaparición do galego e que a universidade, malia que pode facer algo a este respecto, ten outro papel e non pode obrigar a usar unha lingua. Tamén se indica que a universidade debería estar comprometida coa lingua, dado que se trata dunha institución educativa, pero desde un punto de vista positivo. Outra persoa salienta que o galego forma parte da cultura e que, polo tanto, tiña que ser lingua normal vehicular.

Opínase que as medidas que funcionan son a formación, especialmente para o profesorado que ten dificultades para expresarse na clase, aínda que use a lingua noutros contextos, e o feito de que dous ou tres profesores do mesmo centro dean o paso de impartir a súa docencia en galego. A respecto da formación, considérase que os esforzos deben ir dirixidos a apoiar colectivos específicos, como os profesores/as que están dispostos a impartir as súas clases en galego, e non a medidas xeneralizadoras. De todos os xeitos, o cambio é lento e difícil, e individual, aínda que se confía nas novas xeracións. Tamén se salienta que non existe demanda dos estudantes e que os profesores serían máis sensibles se os alumnos lles pedisen docencia en galego.

Outra persoa comenta que hai hipocrisía: por unha banda, a universidade recomenda que se fale galego e, pola outra, prímase o que é internacional, pois puntúan máis outras linguas como o inglés, o francés, etc. Polo que respecta ao persoal de administración e servizos, considérase que é preciso ter en conta os dereitos dos galegofalantes. Tamén se afirma que se deben centrar os esforzos no colectivo que non utiliza o galego de maneira habitual.

Con respecto ao futuro, apúntase que os plans de normalización lingüística deberían ser máis ambiciosos e aspirar a algo máis ca ao bilingüismo restrinxido. Outra persoa indica que habería que mirar por que non funcionaron estes plans de normalización e que, se cadra, a orixe non está na universidade. Ademais, non considera que os profesores teñan tanta influencia na universidade ante a cuestión lingüística.

Outra persoa non é moi optimista e cre que se deberían xestionar mellor os recursos. Ten esperanza no decreto do galego no ensino e cre que é necesaria unha política máis decidida de apoio á lingua, pois a tendencia é moi negativa. Outra persoa concorda con esta opinión e pensa que o galego só se pode salvar se para traballar na universidade de esixise como necesario o uso do galego. Por último, outro participante opina que hai que tender cara ao multilingüismo e que o bilingüismo nos ofrece unha clara vantaxe. Coida, así mesmo, que quen mantén a lingua non é a colectividade, senón cada persoa individualmente. É necesario mencionar que se teñen que mellorar as competencias de todas as linguas.

Conclusións do panel

As principais conclusións que se poden extraer do dito polos participantes neste panel de escoita dedicado ao uso da lingua galega por parte da son as seguintes:

- Existe unha grande autonomía para o profesorado, que decide libremente en que lingua imparte a súa docencia.
- A presenza do galego na universidade non ten parangón ningún coa realidade desta lingua na sociedade, pois, mentres o galego continúa sendo a lingua maioritaria na sociedade, non o é así na universidade.

- Dentro de cada universidade, a presenza da lingua galega nos diversos centros que a compoñen é moi desigual.
- Na última década rexistráronse avances moi cativos no uso do galego no ámbito universitario.
- Non hai acordo ante a pregunta de se o profesorado constitúe unha figura clave para o aumento do uso do galego, pois os participantes manifestaron opinións nos dous sentidos. Por un lado, pénsase que o profesorado é unha figura fundamental para a extensión do uso do galego no ámbito universitario, pois a lingua da docencia é esencial e mediatiza en gran medida a lingua dos estudantes. Por outro, crese que os profesores/as cada vez teñen menos influencia en cuestións de carácter lingüístico.
- Constátase que a maior parte do profesorado universitario non é consciente da importancia da lingua.
- Afírmase que non se ten como obxectivo unha universidade monolingüe en galego, pero si unha presenza equilibrada de galego e castelán. Parece que nas universidades de Galicia a tendencia actual da universidade camiña cara ao multilingüismo.
- É necesaria a formación para o profesorado, co fin de que teña competencias suficientes no uso do galego e poida expresarse sen dificultades en galego na aula.
- Os plans de normalización lingüística das universidades non demostraron ata o de agora a súa eficacia no proceso de extensión do uso do galego.
- Son necesarias accións de apoio específicas (acompañamento, inmersión, dinamización, etc.), para facilitarlle ao profesorado a incorporación do galego na docencia, ademais da adquisición das competencias necesarias.
- Os profesores/as non teñen unha formación profesional nos temas relacionados co emprego das linguas na súa actividade docente.
- Nas universidades existe unha ausencia de criterios a respecto do uso das linguas, que se trata como unha cuestión estritamente individual de cada docente.



7. INDICADORES LINGÜÍSTICOS PARA O ÁMBITO DA EDUCACIÓN

O gráfico que se mostra a continuación ofrece unha comparación entre o INL dos centros universitarios e o INL dos non universitarios. Aínda que nos dous casos este índice é elevado, a diferenza é notable entre uns e outros. Así, nos centros non universitarios o índice é bastante máis alto, pois alcanza o 88,01, mentres que nos universitarios este queda no 71,98. Tendo en conta a clasificación que o sistema de indicadores establece das organizacións en función do seu grao de normalización lingüística, estes datos demostran que os primeiros son centros cun nivel alto de normalización, mentres que os segundos se considerarían dun nivel medio-alto. Aínda así, pode concluírse que estamos ante un ámbito cun elevado grao de galeguización con medias en case todos os factores superiores a 60.




Gráfico 95. Índice de normalización lingüística

Base: centros non universitarios e universitarios de Galicia

Fonte: Observatorio da Situación da Lingua Galega



Se facemos unha análise factor a factor, podemos comprobar como en ambos os dous tipos de centros é na documentación de uso externo onde se acadan uns valores máis elevados, dun 85,08 nos non universitarios e dun 95,44 nos universitarios. Isto supón un importante emprego do galego nos documentos de maior difusión de cara ao exterior, como catálogos, trípticos, etc.

En segundo lugar sitúase o factor 1, imaxe e rotulación, con medias do 90,09 nos centros non universitarios e do 76,30 nos universitarios. Vemos xa aquí como as diferenzas entre uns e outros se acentúan. Estes datos mostran que nos centros enquisados se lle dá importancia á presenza do galego na imaxe que proxectan de cara ao público.

O terceiro posto en canto á media ocúpao o factor 3, referido aos criterios de uso lingüístico. Neste caso, se nos centros non universitarios a media alcanza un 88,60, nos universitarios permanece no 72,29, de maneira que a diferenza é bastante significativa.

No cuarto lugar atopamos dous factores diferentes en función do tipo de centro. Nos non universitarios este posto ocúpao o factor 5, comunicación exterior, cunha media do 85,12, mentres que nos universitarios está o 2, adecuación lingüística do persoal, cun 68,88. O mesmo acontece co quinto posto, no que a posición é a contraria: nos centros non universitarios sitúase nesta posición o factor 2, cunha media do 84,75, e nos universitarios o factor 5, cun 65,43. Esta é a única diferenza que atopamos entre un e outro tipo de centro no que á ordenación dos factores se refire.


Xa en sexta posición temos nos dous grupos de centros o factor 6, documentación e comunicación interna, cunha media do 81,43 para os universitarios e do 58,82 para os non universitarios. A distancia entre unha e outra é a máis alta, pois chega aos 23 puntos, o que significa que neste tipo de documentos a situación é moito máis favorable nos centros non universitarios. O feito de que este factor sexa o que acade unha puntuación máis baixa indica que tanto na documentación que se manexa a nivel interno como nas comunicación orais que teñen lugar internamente no centro é onde o galego ten unha presenza menor, fronte ao que acontece na imaxe que se proxecta cara ao exterior, así como na documentación e comunicacións externas.

Os resultados do INL nos centros universitarios e os non universitarios permítennos concluír que a situación do galego no ámbito educativo goza de boa saúde, especialmente nos segundos, nos que se acada o índice de normalización máis elevado de todas as organizacións estudadas no Observatorio da Situación da Lingua Galega. No entanto, a situación, aínda que bastante boa, está lonxe de ser a ideal nas universidades de Galicia nas que restan moitos aspectos por mellorar para que o galego sexa unha lingua completamente normalizada.

8. CONCLUSIÓN FINAIS

Como conclusións definitivas de todo o dito neste informe sobre a situación da lingua galega no ámbito da educación pódense extraer as seguintes:

- Nas comunicacións orais e escritas co exterior, a lingua maioritaria no ámbito educativo é o galego, especialmente nos centros de ensino non universitario. Tanto no ensino universitario coma no non universitario, o galego está máis presente nas comunicacións escritas ca nas orais.
- Nos elementos de identificación corporativa externa, predomina o galego con porcentaxes que superan en todos os centros o 75%. Non obstante, cabe sinalar que se obteñen porcentaxes máis elevadas nos centros non universitarios ca nos universitarios. Ademais, dentro dos centros non universitarios tamén se alcanzan cifras máis altas nos centros públicos ca nos privados e nos situados en concellos con menos de 50.000 habitantes.
- En canto aos usos lingüísticos nas páxinas web, as tres cuartas partes dos centros non universitarios enquisados utilizan só o galego. No caso dos centros universitarios, case a metade está en galego e en castelán, mentres que na terceira parte está só en galego. Polo tanto, advírtese que o galego conta cunha gran presenza nas webs do ámbito da educación.
- Nos rótulos principais e interiores e no nome do centro no papel de carta, utilízase o galego na maior parte dos centros universitarios e non universitarios.
- Na documentación interna, o galego é maioritario no ámbito educativo nas circulares e notas internas, nos formularios e nos materiais de cursos. Non obstante, na aplicación informática máis habitual o galego é maioritario (63,8%) nos centros non universitarios, pero non así nos universitarios, que alcanzan unha porcentaxe do 36,4%.
- Polo que respecta ás comunicacións orais internas, predomina o galego entre todos os perfís existentes nos centros non universitarios, que oscilan entre o 58,1% do persoal administrativo e o 75,95% dos conserxes. En cambio, no ensino universitario as porcentaxes de galego son máis reducidas (a maioría rolda o 55%) e existen algúns grupos en que predomina o castelán, como o do profesorado e os directivos do centro e situacións como as reunións internas.



- Con relación aos usos lingüísticos do profesorado nas comunicacións na aula, obsérvanse grandes diferenzas entre o profesorado das universidades e o dos centros de ensino non universitario. Así pois, mentres nos primeiros o galego ten un uso reducido que apenas supera o 25%, o profesorado dos colexios utiliza maioritariamente o galego, con independencia do nivel educativo en que impartan docencia.
- O alumnado de todos os niveis dos centros non universitarios utiliza o galego maioritariamente na aula, con porcentaxes que oscilan entre o 50,3% do alumnado dos ciclos formativos e o 63,2% do de educación primaria. Nas universidades, en cambio, as porcentaxes sitúanse no 28,6%
- En canto á existencia de criterios ou regras que especifican que lingua utilizar, constitúen unha minoría os centros que contan con elas. Deste xeito, só nas comunicacións escritas máis da metade dos centros universitarios ten normas, que consisten, na maior parte dos casos, en utilizar por defecto o galego. Na atención oral ao público, cando o interlocutor/a demanda un cambio de lingua e na calidade lingüística poucos centros universitarios e non universitarios contan con estas normas.
- Máis de catro de cada dez centros universitarios valoran o galego á hora de incorporar persoal. Unha cifra similar é a que se obtén nos centros de ensino non universitario, aínda que cómpre salientar que esta cifra fai só referencia aos centros privados, posto que os públicos non contratan directamente. Na gran maioría dos centros educativos ponse a disposición do persoal ferramentas lingüísticas. En moi poucos centros se incentiva a formación en lingua galega.
- Entre as actividades consideradas máis necesarias para promover o uso do galego destacan as ferramentas lingüísticas e a formación, tanto nos centros universitarios coma nos non universitarios.
- Nos centros non universitarios, tres de cada dez enquisados afirman que a situación do galego nos últimos cinco anos segue igual, fronte a un 34% que opina que aumentou. No caso dos centros universitarios, máis dun 42% considera que continúa igual, mentres que un 35% coida que aumentou.
- Arredor de tres de cada dez centros educativos opinan que o galego ten vantaxes e case ningún cre que teña desvantaxes. Nos centros universitarios entre un 30,9 e un 35,3% opina que o uso do galego aumentará nos próximos doce meses e nos vindeiros cinco anos, mentres que nos centros non universitarios estas porcentaxes descenden ata o 16,8 e o 17,75.
- En canto ao uso dos recursos lingüísticos da Xunta de Galicia, un 83,8% dos centros non universitarios coñéceos, fronte a un 63,2% dos centros universitarios.
- Nos centros universitarios un 36,8% considera o uso do galego normal, un 35,3% coida que se utiliza pouco e unha cuarta parte cre que se utiliza bastante. Nos centros non universitarios, as porcentaxes repártense do seguinte xeito: un 19,2% considera que existe un uso normal, un 36,6% coida que se utiliza bastante e un 36,2% pensa que se utiliza moito.
- A expresión escrita é a competencia na que presentan máis necesidades os traballadores/as do ámbito da educación en Galicia.

- A maior parte do persoal que traballa nos centros educativos de Galicia ten os coñecementos axeitados de lingua galega para o posto de traballo que desempeña. En canto á formación, son unha minoría os centros en que houbo persoal que fixo formación en lingua galega durante o último ano.
- Polo que respecta ao uso de linguas estranxeiras, máis da metade dos centros universitarios afirma utilizalas, mentres que nos non universitarios esta porcentaxe é moi reducida.
- O índice de normalización lingüística do ensino non universitario é de 88,01 nunha escala de 0 a 100 e o do ensino universitario é de 71,98. Como se pode ver, trátase dun índice alto no primeiro dos casos e medio-alto no segundo.



9. BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ SOUSA, A. (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*. A Coruña: Servizo de Publicacións, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade da Coruña.

FERNÁNDEZ PAZ, A., A. M. LORENZO SUÁREZ e F. RAMALLO. *A planificación lingüística nos centros educativos*. Xunta de Galicia: Secretaría Xeral de Política Lingüística.

JAIME, L.; X. MITJÀ & J. SOLÉ CAMARDONS (1995): "Objectius i indicadors de resultat: exemples de formació", *Llengua i Ús: revista técnica de normalització lingüística*, n.º 2 (1.º cuatrimestre 1995), Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, Direcció General de Política Lingüística, 15-20.

LORENZO SUÁREZ, A. M. "Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)". *Noves SL, Revista de Sociolingüística*. Primavera de 2003.

LORENZO SUÁREZ, A. M. *et alii* (1997): *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, P.A.S. e estudantes*. Vigo: Universidade de Vigo.

MONTEAGUDO, H. e X. M. BOUZADA (coords.) (2002): *O proceso de normalización do idioma galego 1980-2000. Vol. II. Educación*.

RODRÍGUEZ NEIRA, M. A. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*. Santiago de Compostela: Universidade.

RODRÍGUEZ NEIRA, M. A. e M. S. LÓPEZ MARTÍNEZ (1998): *O galego na Universidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

SECCIÓN DE LINGUA DO CONSELLO DA CULTURA GALEGA (2005): *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.





SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA (2006): *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

TORRES, J. (coord.) (2005): *Estadística sobre els usos lingüístics a Catalunya 2003*. Barcelona: Secretaria de Política Lingüística.

10. ANEXOS

Anexo I: enquisa do uso da lingua galega no ámbito do ensino non universitario

Aclaración para o enquisado/a: as preguntas que lle faremos a continuación refírense ao centro de ensino en global ou segundo o tipo/s de ensino/s que se impartan no mesmo. Pedímoslle unicamente o valor da porcentaxe en galego. Entenderase que o resto é en castelán. Se non usan o galego en ningún caso, a porcentaxe de uso do galego sería 0%. No caso de que algunha pregunta non sexa aplicable ao seu centro educativo pode indicar “Non procede”. Tamén pode responder “Non sabe/non contesta”.

Comunicacións exteriores

C1. No seu centro, ¿en que porcentaxe usan o galego nas seguintes comunicacións exteriores?

Comunicacións orais e escritas co exterior	% de uso galego	Np	NsNc
Na atención directa presencial e telefónica aos familiares, público, etc.?		☐	☐
Nas conversacións máis habituais cos familiares, público en xeral e provedores?		☐	☐

lingua
galega

Nos escritos aos pais/nais, institucións, provedores, etc. de Galicia?				☐	☐
Na atención por correo electrónico, mensaxería, etc.?				☐	☐
Publicacións periódicas e non periódicas do centro?				☐	☐
	Galego (1)	Castelán (2)	Nas dúas (3)	Np	NsNc
En que lingua está o contestador automático do centro?	☐	☐	☐	☐	☐

Imaxe, rotulación e documentación de uso externo

C2. No seu centro, ¿en que porcentaxe usan o galego nas seguintes cuestións de imaxe, rotulación e documentación de uso externo?

Elementos de identificación corporativa para o exterior	% de uso galego	Np	NsNc
Nos modelos de fax, papel de carta, tarxetas de visita, encabezados e pés de páxina dos correos electrónicos, circulares, ...?		☐	☐
Nos documentos de <u>maior difusión externa</u> das actividades e servizos do seu centro: circulares, follas informativas, anuncios, ...?		☐	☐
Na publicidade do seu centro		☐	☐

	Galego (1)	Castelán (2)	Nas dúas (3)	Np	NsNc	G=C ¹ (4)
Na páxina web do seu centro	☐	☐	☐	☐	☐	
<u>Nos rótulos</u> principais e rótulos interiores do centro	☐	☐	☐	☐	☐	☐ G=C.
<u>No nome</u> do seu centro no papel de carta.	☐	☐	☐	☐	☐	☐ G=C

C3. ¿Que medios usa habitualmente para dar información ou facer publicidade?²

TV	Prensa	Radio	Trípticos e folletos	Internet	Non usan
2 Si.	2 Si.	2 Si.	2 Si.	2 Si.	2 Si.
1 Non	1 Non	1 Non	1 Non	1 Non	1 Non

¹ **Enquisador/a:** dar a posibilidade de que o entrevistado/a poida escoller a opción de que os rótulos en galego e castelán son iguais e non se diferencian.

² **Enquisador/a:** resposta múltiple.

Documentación interna

C4. No seu centro, ¿en que porcentaxe usan o galego na seguinte documentación interna?

Documentacións internas	% uso galego	Np	NsNc
Nas circulares internas, notas escritas internas, actas e ordes do día das reunións?		☐	☐
Nos formularios, impresos e memoria anual?		☐	☐
No programa de tratamento de textos ou na aplicación informática máis usual que emprega no seu centro?		☐	☐
Nos materiais de cursos de formación internos para o persoal (excluíndo os cursos de idiomas)?		☐	☐

Comunicacións orais internas

C5. No seu centro, ¿en que porcentaxe usan o galego nas comunicacións orais internas?

Grupos	% uso galego	Np	NsNc
Os directivos do centro: director/a, xefe/a de estudos, secretario		☐	☐
O profesorado		☐	☐
O persoal administrativo		☐	☐

Os conserxes, vixilantes, persoal de mantemento, operarios, subalternos		☐	☐
Os pais e nais do alumnado		☐	☐
Os integrantes da ANPA (asociación de nais e pais)		☐	☐
Os monitores das actividades extraescolares (se hai)		☐	☐
Nas reunións internas		☐	☐
Nos contactos exteriores do equipo directivo (con medios de comunicación, actos oficiais, etc.)?		☐	☐

Módulo específico do ámbito educativo (non universitario)

C6. En que porcentaxe se usa o galego no contorno lingüístico do centro ...? (*zona exterior onde está o centro*).

	% uso galego	NsNc
Porcentaxe de uso do galego falado no contorno lingüístico do centro		☐

C7. A) ¿Que tipo de ensino se cursa no seu centro?. **B)** ¿Cal é o número de estudantes en cada un deles? (resposta múltiple).

	A) Cursa (Non: 1, Si: 2)	B) N.º de estudantes matriculado
Educación infantil	☐	

Educación primaria	☐	
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	☐	
Bacharelato	☐	
Ciclos formativos	☐	
Outros	☐	

C) (para cada tipo de ensino que imparte excepto “outros”) Para cada tipo de ensino e no ámbito do centro, en que porcentaxe usa o galego
.....

Tipo de ensino		% uso galego	Np	NsNc
	O profesorado nas comunicacións orais nas aulas		☐	☐
	O profesorado nas comunicacións escritas nas aulas		☐	☐
	O profesorado no recreo e nos contextos informais		☐	☐
	O alumnado nas comunicacións orais na aula		☐	☐
	O alumnado nas comunicacións escritas na aula (exercicios, exames, apuntes, ...)		☐	☐
	O alumnado no recreo e contextos informais		☐	☐

Normas e criterios de uso lingüístico

C8. A) ¿Sen considerar os criterios individuais de cada persoa, no seu centro teñen e están aplicando criterios, regras ou normas prácticas que especifican que lingua usar B) (nas afirmativas) Se ten e aplica, ¿cal é esa norma ou criterio?.

Comunicacións	B) (Se ten e aplica) Cal é a norma
8.1.A Na atención oral ao público? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.1.B. ¿Cal é a norma? ☐ 1 Por defecto en galego ☐ 2 Por defecto en castelán ☐ 3 Na lingua do receptor/interlocutor
8.2.A. Nas comunicacións escritas? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.2.B. ¿Cal é a normal? ☐ 1 Por defecto en galego ☐ 2 Por defecto en castelán ☐ 3 Por defecto en ambas ☐ 4 Na lingua do receptor
8.3.A. Cando o interlocutor pide un cambio de lingua respecto á lingua coa que se lle atendeu inicialmente? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.3.B. ¿Cal é a norma? ☐ 1 Cámbiase de lingua ☐ 2 Séguese na inicial
8.4.A. Na calidade lingüística das publicacións ou comunicacións? ³	7.4.B. ¿Cal é a norma?

³ Nota enquisador/a: Se teñen criterios de calidade para a redacción de publicacións ou comunicacións

☐ 2 Si. (Ir a B)	☐ 1 En todos os textos
☐ 1 Non	☐ 2 Nalgúns textos
☐ NsNc	

C9. A) No seu centro, ¿o coñecemento do galego é un criterio a ter en conta na selección do persoal que se contrata directamente?. **B)** (nas afirmativas) Se se considera, ¿é un requisito imprescindible ou un mérito a valorar?.

A) ¿Hai criterio na incorporación de persoal?	B) Requisito / Mérito
8.A) No seu centro, ¿o <u>coñecemento do galego</u> é un criterio a ter en conta na <u>selección do persoal</u> que se contrata directamente? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ Ns/Nc ☐ Np. (Non procede, Non contrata)	8.B) ¿É un requisito imprescindible ou valórase como mérito? ☐ 1 Requisito imprescindible ☐ 2 Valórase como mérito

C10. A) ¿O seu centro da algún incentivo ou apoio á formación en lingua galega para o persoal sen coñecementos axeitados de galego (independentemente de quen organice ou imparta a formación)?. **B)** (nas afirmativas) Se existe, ¿que criterio segue o centro para incentivar ou apoiar esa formación?.

A) ¿Hai incentivo á formación en galego ?	B) Criterios para incentivar (Resposta Múltiple)
9.A) ¿O seu centro da algún <u>incentivo ou apoio</u> á <u>formación en lingua galega</u> para o <u>persoal sen coñecementos axeitados</u> de galego (independentemente de quen organice ou imparta a	9.B) Se existe, ¿que <u>criterio</u> segue o seu centro para incentivar ou apoiar esa formación? ☐ 1 Financia todo ou parte

formación)?

☐ 2 Si. (Ir a B)☐ 1 Non☐ NsNc☐ 2 Permite facelo en horario laboral☐ 3 Ten carácter obrigatorio☐ Non sabe/non contesta

C11. ¿Sen considerar as accións individuais de cada persoa, o seu centro puxo a disposición do persoal algunha ferramenta de apoio lingüístico en galego como dicionarios, correctores, tradutores, etc.?

☐ Si 2☐ Non 1☐ NsNc

C12. ¿O seu centro ten algunha persoa que desenvolve actividades de normalización lingüística?

☐ Si 2☐ Non 1☐ NsNc

Opinións

C13. No seu centro, ¿que actividades serían máis necesarias para promover o uso do galego?

Aclaración para o/a entrevistado/a: pode seleccionar varias actividades

Actividades axeitadas para promover o uso do galego	Si (2)	Non (2)	NsNc
Sensibilizar á dirección do centro ou ao persoal	☐	☐	☐
Motivar e apoiar ao persoal docente e administrativo	☐	☐	☐

Dar formación	☐	☐	☐
Empregar ferramentas lingüísticas de axuda	☐	☐	☐
Apoiarse con servizos lingüísticos puntuais	☐	☐	☐
Establecer normas claras	☐	☐	☐
Establecer un plan coas accións de apoio e executalo	☐	☐	☐

C14. No seu centro, ¿que necesidades ten o persoal nas destrezas do uso do galego?

Necesidades	Si (2)	Non (1)	NsNc
Escribir	☐	☐	☐
Ler	☐	☐	☐
Falar	☐	☐	☐
Entender	☐	☐	☐

C15. **A)** Para o seu centro, independentemente de que xa se use ou non, ¿Son de utilidade **B)** (nas afirmativas) ¿Actualmente úsanos?

Recursos	A) Utilidade			B) Úsanse		
	Si (2)	Non (1)	NsNc	Si (2)	Non (1)	NsNc

15.1.A. Os correctores ortográficos ?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.2.A. Os tradutores automáticos?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.3.A. Os dicionarios?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.4.A. Terminoloxía en galego específica do seu ámbito?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.5.A. Os programas informáticos en galego?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.6.A. Os modelos de documentos en galego ?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.7.A. Os cursos de galego?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.8.A. Os servizos lingüísticos (tradución, revisión, consultas, etc.)?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.9.A. Outras (especificar): _____	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐

C16. Actualmente, respecto a fai 5 anos, ¿cre que o uso do galego no seu centro aumentou (1) aumentou moito (2), diminuíu (3), diminuíu moito (4), ou segue igual (5) ..? ¿Por que o cre?

A) Aumentou / Diminuíu							
1	2	3	4	5	NsNc	B) ¿Por que?	
☐	☐	☐	☐	☐	☐	>	
						>	

C17. Para o seu centro, ¿Cre que o galego ten vantaxes? (Se ten vantaxes) ¿Cales son?



A) Vantaxes?			
Si (2)	Non (1)	NsNc	B) (Se ten vantaxes) ¿Cales son?
☐	☐	☐	>

C18. Para o seu centro ¿Cre que o galego ten desvantaxes? (Se ten desvantaxes) ¿Cales son?

A) Desvantaxes?			
Si (2)	Non (1)	NsNc	B) (Se ten desvantaxes) ¿Cales son?
☐	☐	☐	>

C19. ¿Cre que no seu centro teñen a intención de aumentar o uso do galego? ¿Por que motivos?

	A) Aumentar?			
	Si (2)	Non (1)	NsNc	B) (Se ten intención de aumentar) ¿Por que motivos?
Nos próximos 12 meses	☐	☐	☐	>
Antes de 5 anos	☐	☐	☐	>

C20. Na actualidade, no seu centro

¿Usan algún recurso ou axuda lingüística da Xunta de Galicia ?	☐ Si (2)	☐ Non (1)	☐ NsNc
(Se non o usan) ¿Coñecen os recursos e axudas lingüísticas dispoñibles?	☐ Si (2)	☐ Non (1)	☐ NsNc

¿No seu centro o galego úsase.....?	1 ☐ Nada	2 ☐ Pouco	3 ☐ Normal	4 ☐ Bastante	5 ☐ Moito
-------------------------------------	---------------------------------	----------------------------------	-----------------------------------	-------------------------------------	----------------------------------

Adecuación lingüística do persoal

C21. A.) ¿Aproximadamente no seu centro, cantas persoas hai en cada un dos seguintes perfís, clasificados en función do uso oral ou escrito dos idiomas ?

Posto de traballo	A) Número de persoas	
Vixilantes, conserxes, etc. Persoal cuxa actividade sexa dar informacións de primeiro contacto . Persoal que non ten que escribir. (3)		☐ Np ☐ NsNc
Telefonista, recepcionista. Persoal cuxa actividade principal sexa de atención ao público:. No seu traballo da informacións orais de atención básica e non precisa escribir habitualmente. (2)		☐ Np ☐ NsNc
Operarios, persoal de mantemento e servizos. Persoal cuxa actividade principal non implica ter contacto co exterior, nin oral nin escrito. (5)		☐ Np

	☐ NsNc
Persoal cuxa actividade sexa principalmente administrativa. No seu traballo escribe textos breves ou de extensión media. (4)	☐ Np ☐ NsNc
Directivos do centro (1)	☐ Np ☐ NsNc
Outro persoal cuxa actividade implique escribir textos de diferente complexidade. Para o seu traballo debe habitualmente falar e escribir de forma correcta e fluída.: Orientador/a, Psicólogo/a, (1)	☐ Np ☐ NsNc
Profesorado de infantil (1) (se teñen ed. Infantil)	☐ Np ☐ NsNc
Profesorado de primaria (1) (se teñen ed. Primaria)	☐ Np ☐ NsNc
Profesorado de secundaria (1) (se teñen ed. Secundaria)	☐ Np ☐ NsNc
Profesorado de ESO (1) (se teñen ESO)	☐ Np ☐ NsNc

Profesorado de ciclos formativos (1) (se teñen ciclos formativos)	☐ Np
	☐ NsNc

C.21. B) ¿Cantas persoas cre que teñen coñecementos axeitados de galego para o posto que desenvolven?⁴ **C)** No último ano, no seu centro, ¿fixeron algunha formación de galego promovida polo centro ou a Xunta de Galicia?

Posto de traballo	B) Número de persoas con coñecementos axeitados	C) Formación
Vixilantes, conserxes, etc. Persoal cuxa actividade sexa dar informacións de primeiro contacto . Persoal que non ten que escribir. (3)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Telefonista, recepcionista. Persoal cuxa actividade principal sexa de atención ao público:. No seu traballo da informacións orais de atención básica e non precisa escribir habitualmente. (2)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Operarios, persoal de mantemento e servizos. Persoal cuxa actividade principal non implica ter contacto co exterior, nin oral nin escrito. (5)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc

⁴ **Nota enquisador/a:** só facer esta pregunta para os grupos con persoas que foron contestadas na pregunta anterior. Recordarlle ao entrevistado o número de persoas que indicou na pregunta anterior.

Persoal cuxa actividade sexa principalmente administrativa. No seu traballo escribe textos breves ou de extensión media. (4)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Directivos do centro (1)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Outro persoal cuxa actividade implique escribir textos de diferente complexidade. Para o seu traballo debe habitualmente falar e escribir de forma correcta e fluída.: Orientador/a, Psicólogo/a, (1)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Profesorado de infantil (1) (se teñen ed. Infantil)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Profesorado de primaria (1) (se teñen ed. Primaria)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Profesorado de secundaria (1) (se teñen ed. Secundaria)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Profesorado de ESO (1) (se teñen ESO)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc

Profesorado de ciclos formativos (1) (se teñen ciclos formativos)

☐ Si (2)

☐ Non (1)

☐ NsNc

Uso de linguas estranxeiras

C22. No seu centro, sen ter en conta a formación impartida en lingua estranxeira ao alumnado, o persoal usa habitualmente –falan, len, escriben, escoitan– outras linguas estranxeiras diferentes ao galego ou ao castelán?

☐ Si (2)

☐ Non (1) (FINAL)

C23. (Se usa outras linguas) ¿Que outras linguas usan?

☐ Inglés

Si (2)

Non (1)

☐ Portugués

Si (2)

Non (1)

☐ Francés

Si (2)

Non (1)

☐ Outra

Si (2)

Non (1)

C24. ¿Que porcentaxe representa respecto do uso do conxunto de todas as linguas no centro (galego, castelán, e linguas estranxeiras)?

% de uso

lingua
galega

Outras cuestións

C25. ¿Que porcentaxe do alumnado ten unha actitude favorable, desfavorable ou indiferente sobre a utilización do galego no centro?

Colectivo	Actitude			Ns/Nc	Total porcentaxe
	% desfavorable	% indiferente	% favorable		
Alumnado				☐	100%
Nais e pais				☐	100%
Persoal administrativo					
Profesorado				☐	100%

C26. ¿Cal é o seu cargo?

C27. Observacións (comentarios do enquisador/a)

Anexo II: enquisa do uso da lingua galega no ámbito do ensino universitario

Aclaración para o enquisado/a: As preguntas que lle faremos a continuación refírense ao centro de ensino en global. Pedímoslle unicamente o valor da porcentaxe en galego. Entenderase que o resto é en castelán. Se non usan o galego en ningún caso, a porcentaxe de uso do galego sería 0%. No caso de que algunha pregunta non sexa aplicable ao seu centro educativo pode indicar “Non procede”. Tamén pode responder “Non sabe/non contesta”

Comunicacións exteriores

C1. No seu centro, ¿en que porcentaxe usan o galego nas seguintes comunicacións exteriores?

Comunicacións orais e escritas co exterior			% de uso	Np	NsNc
			galego		
Na atención directa presencial e telefónica aos familiares, público, etc.?				☐	☐
Nas conversacións máis habituais co público en xeral e provedores?				☐	☐
Nos escritos ás institucións, provedores, etc. de Galicia?				☐	☐
Na atención por correo electrónico, mensaxería, etc.?				☐	☐
Publicacións periódicas e non periódicas do centro?				☐	☐
	Galego	Castelán	Nas dúas	Np	NsNc
En que lingua está o contestador automático do centro?	☐	☐	☐	☐	☐



Imaxe, rotulación e documentación de uso externo

C2. No seu centro, ¿en que porcentaxe usan o galego nas seguintes cuestións de imaxe, rotulación e documentación de uso externo?

Elementos de identificación corporativa para o exterior			% de uso galego	Np	NsNc	
Nos modelos de fax, papel de carta, tarxetas de visita, encabezados e pés de páxina dos correos electrónicos, circulares, ...?				☐	☐	
Nos documentos de <u>maior difusión externa</u> das actividades e servizos do seu centro: circulares, follas informativas, anuncios, ...?				☐	☐	
Na publicidade do seu centro				☐	☐	
	Galego	Castelán	Nas dúas	Np	NsNc	G=C ⁵
Na páxina web do seu centro	☐	☐	☐	☐	☐	
<u>Nos rótulos</u> principais e rótulos interiores do centro	☐	☐	☐	☐	☐	☐ G=C.
<u>No nome</u> do seu centro no papel de carta.	☐	☐	☐	☐	☐	☐ G=C

⁵ **Enquisador/a:** dar a posibilidade de que o entrevistado/a poida escoller a opción de que os rótulos en galego e castelán son iguais e non se diferencian.

C3. ¿Que medios usa habitualmente para dar información ou facer publicidade?⁶

TV	Prensa	Radio	Trípticos e folletos	Internet	Non usan
2 Si.	2 Si.	2 Si.	2 Si.	2 Si.	2 Si.
1 Non	1 Non	1 Non	1 Non	1 Non	1 Non

Documentación interna

C4. No seu centro ¿En que porcentaxe usan o galego na seguinte documentación interna?

Documentacións internas	% uso galego	Np	NsNc
Nas circulares internas, notas escritas internas, actas e ordes do día das reunións?		☐	☐
Nos formularios, impresos e memoria anual?		☐	☐
No programa de tratamento de textos ou na aplicación informática máis usual que emprega no seu centro?		☐	☐
Nos materiais de cursos de formación internos para o persoal (excluíndo os cursos de idiomas)?		☐	☐

⁶ Enquisador/a: resposta múltiple.

Comunicacións orais internas

C5. No seu centro, ¿En que porcentaxe usan o galego nas comunicacións orais internas?

Grupos	% uso galego	Np	NsNc
Os directivos do centro: decano/a, vicedecanos/as, secretario/a		☐	☐
O profesorado		☐	☐
O persoal administrativo		☐	☐
Os conserxes, vixilantes, persoal de mantemento, operarios, subalternos		☐	☐
Os monitores das actividades non lectivas (se hai)		☐	☐
Nas reunións internas		☐	☐
Nos contactos exteriores do equipo directivo (con medios de comunicación, actos oficiais, etc.)?		☐	☐

Módulo específico do ámbito educativo (universitario)

C6. A) En que porcentaxe se usa o galego no contorno lingüístico do centro ...? (*zona exterior onde está o centro*).

	% uso galego	NsNc
Porcentaxe de uso do galego falado no contorno lingüístico do centro		☐

C7. B) No ámbito do centro, en que porcentaxe usa o galego

Tipo de ensino		% uso galego	Np	NsNc
	O profesorado nas comunicacións orais nas aulas		☐	☐
	O profesorado nas comunicacións escritas nas aulas		☐	☐
	O profesorado nos contextos informais		☐	☐
	O alumnado nas comunicacións orais na aula		☐	☐
	O alumnado nas comunicacións escritas na aula (exercicios, exames, apuntes, ...)		☐	☐
	O alumnado en contextos informais		☐	☐

Normas e criterios de uso lingüístico

C8. A) ¿Sen considerar os criterios individuais de cada persoa, no seu centro teñen e están aplicando criterios, regras ou normas prácticas que especifican que lingua usar **B)** (nas afirmativas) Se ten e aplica, ¿cal é esa norma ou criterio?.

Comunicacións	B) (Se ten e aplica) Cal é a norma
7.1.A Na atención oral ao público? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.1.B. ¿Cal é a norma? ☐ 1 Por defecto en galego ☐ 2 Por defecto en castelán ☐ 3 Na lingua do receptor/interlocutor
7.2.A. Nas comunicacións escritas? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.2.B. ¿Cal é a normal? ☐ 1 Por defecto en galego ☐ 2 Por defecto en castelán ☐ 3 Por defecto en ambas ☐ 4 Na lingua do receptor
7.3.A. Cando o interlocutor pide un cambio de lingua respecto á lingua coa que se lle atendeu inicialmente? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.3.B. ¿Cal é a norma? ☐ 1 Cámbiase de lingua ☐ 2 Séguese na inicial
7.4.A. Na calidade lingüística das publicacións ou comunicacións?⁷ ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	7.4.B. ¿Cal é a norma? ☐ 1 En todos os textos ☐ 2 Nalgúns textos

⁷ Nota enquisador/a: de teñen criterios de calidade para a redacción de publicacións ou comunicacións.

C9. A) No seu centro, ¿o coñecemento do galego é un criterio a ter en conta na selección do persoal que se contrata directamente?. **B)** (nas afirmativas) Se se considera, ¿é un requisito imprescindible ou un mérito a valorar?.

A) ¿Hai criterio na incorporación de persoal?	B) Requisito / Mérito
8.A) No seu centro, ¿o <u>coñecemento do galego</u> é un criterio a ter en conta na <u>selección do persoal</u> que se contrata directamente? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ Ns/Nc ☐ Np. (Non procede, Non contrata)	8.B) ¿É un requisito imprescindible ou valórase como mérito? ☐ 1 Requisito imprescindible ☐ 2 Valórase como mérito

C10. A) ¿O seu centro da algún incentivo ou apoio á formación en lingua galega para o persoal sen coñecementos axeitados de galego (independentemente de quen organice ou imparta a formación)?. **B)** (nas afirmativas) Se existe, ¿que criterio segue o centro para incentivar ou apoiar esa formación?.

A) ¿Hai incentivo á formación en galego ?	B) Criterios para incentivar (Resposta Múltiple)
9.A) ¿O seu centro da algún <u>incentivo ou apoio</u> á <u>formación en lingua galega</u> para o <u>persoal sen coñecementos axeitados</u> de galego (independentemente de quen organice ou imparta a formación)? ☐ 2 Si. (Ir a B) ☐ 1 Non ☐ NsNc	9.B) Se existe, ¿que <u>criterio</u> segue o seu centro para incentivar ou apoiar esa formación? ☐ 1 Financia todo ou parte ☐ 2 Permite facelo en horario laboral ☐ 3 Ten carácter obrigatorio ☐ Non sabe/non contesta

C11. ¿Sen considerar as accións individuais de cada persoa, o seu centro puxo a disposición do persoal algunha ferramenta de apoio lingüístico en galego como dicionarios, correctores, tradutores, etc.?

☐ Si 2	☐ Non 1	☐ NsNc
-------------------------------	--------------------------------	-------------------------------

C12. ¿O seu centro ten algunha persoa que desenvolve actividades de normalización lingüística?

☐ Si 2	☐ Non 1	☐ NsNc
-------------------------------	--------------------------------	-------------------------------

Opinións

C13. No seu centro, ¿que actividades serían máis necesarias para promover o uso do galego?

Aclaración para o/a entrevistado/a: pode seleccionar varias actividades

Actividades axeitadas para promocionar o uso do galego	Si (2)	Non (2)	NsNc
Sensibilizar á dirección do centro ou ao persoal	☐	☐	☐
Motivar e apoiar ao persoal docente e administrativo	☐	☐	☐
Dar formación	☐	☐	☐
Empregar ferramentas lingüísticas de axuda	☐	☐	☐

Apoiarse con servizos lingüísticos puntuais	☐	☐	☐
Establecer normas claras	☐	☐	☐
Establecer un plan coas accións de apoio e executalo	☐	☐	☐

C14. No seu centro, ¿que necesidades ten o persoal nas destrezas do uso do galego?

Necesidades	Si (2)	Non (1)	NsNc
Escribir	☐	☐	☐
Ler	☐	☐	☐
Falar	☐	☐	☐
Entender	☐	☐	☐

C15. **A)** Para o seu centro, independentemente de que xa se use ou non, ¿Son de utilidade **B)** (nas afirmativas) ¿Actualmente úsanos?

Recursos	A) Utilidade				B) Úsanse		
	Si (2)	Non (1)	NsNc		Si (2)	Non (1)	NsNc
15.1.A. Os correctores ortográficos ?	☐	☐	☐		☐	☐	☐
15.2.A. Os tradutores automáticos?	☐	☐	☐		☐	☐	☐

15.3.A. Os dicionarios?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.4.A. Terminoloxía en galego específica do seu ámbito?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.5.A. Os programas informáticos en galego?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.6.A. Os modelos de documentos en galego ?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.7.A. Os cursos de galego?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.8.A. Os servizos lingüísticos (tradución, revisión, consultas, etc.)?	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐
15.9.A. Outras (especificar): _____	☐	☐	☐	☐	☐	☐	☐

C16. Actualmente, respecto a fai 5 anos, ¿cre que o uso do galego no seu centro aumentou (1) aumentou moito (2), diminuíu (3), diminuíu moito (4), ou segue igual (5) ?? ¿Por que o cre?

A) Aumentou / Diminuíu							
1	2	3	4	5	NsNc	B) ¿Por que?	
☐	☐	☐	☐	☐	☐	>	
						>	

C17. Para o seu centro, ¿Cre que o galego ten vantaxes? (Se ten vantaxes) ¿Cales son?

A) Vantaxes?				
Si (2)	Non (1)	NsNc	B) (Se ten vantaxes) ¿Cales son?	
☐	☐	☐	>	
			>	

C18. Para o seu centro ¿Cre que o galego ten desvantaxes? (Se ten desvantaxes) ¿Cales son?

A) Desvantaxes?				
Si (2)	Non (1)	NsNc	B) (Se ten desvantaxes) ¿Cales son?	
☐	☐	☐	>	
			>	

C19. ¿Cre que no seu centro teñen a intención de aumentar o uso do galego? ¿Por que motivos?

	A) Aumentar?				
	Si (2)	Non (1)	NsNc	B) (Se ten intención de aumentar) ¿Por que motivos?	
Nos próximos 12 meses	☐	☐	☐	>	
Antes de 5 anos	☐	☐	☐	>	

C20. Na actualidade, no seu centro

¿Usan algún recurso ou axuda lingüística da Xunta de Galicia ?	☐ Si (2)	☐ Non (1)	☐ NsNc
(Se non o usan) ¿Coñecen os recursos e axudas lingüísticas dispoñibles?	☐ Si (2)	☐ Non (1)	☐ NsNc

¿No seu centro o galego úsase.....?	1 ☐ Nada	2 ☐ Pouco	3 ☐ Normal	4 ☐ Bastante	5 ☐ Moito
-------------------------------------	---------------------------------	----------------------------------	-----------------------------------	-------------------------------------	----------------------------------

Adecuación lingüística do persoal

C21. A.) ¿Aproximadamente no seu centro, cantas persoas hai en cada un dos seguintes perfís, clasificados en función do uso oral ou escrito dos idiomas ?

Posto det	A) Número de persoas	
Vixilantes, conserxes, etc. Persoal cuxa actividade sexa dar informacións de primeiro contacto . Persoal que non ten que escribir. (3)		☐ Np
		☐ NsNc
Telefonista, recepcionista. Persoal cuxa actividade principal sexa de atención ao público:. No seu traballo da informacións orais de atención básica e non precisa escribir habitualmente. (2)		☐ Np
		☐ NsNc

Operarios, persoal de mantemento e servizos. Persoal cuxa actividade principal non implica ter contacto co exterior, nin oral nin escrito. (5)	☐ Np	
	☐ NsNc	
Persoal cuxa actividade sexa principalmente administrativa. No seu traballo escribe textos breves ou de extensión media. (4)	☐ Np	
	☐ NsNc	
Directivos do centro (1)	☐ Np	
	☐ NsNc	
Outro persoal cuxa actividade implique escribir textos de diferente complexidade. Para o seu traballo debe habitualmente falar e escribir de forma correcta e fluída.: responsables de administración, etc. (1)	☐ Np	
	☐ NsNc	
Profesorado e persoal investigador (1)	☐ Np	
	☐ NsNc	

C.21. B) ¿Cantas persoas cre que teñen coñecementos axeitados de galego para o posto que desenvolven?⁸ **C)** No último ano, no seu centro, ¿fixeron algunha formación de galego promovida polo centro ou a Xunta de Galicia?

⁸ **Nota enquisador/a:** só facer esta pregunta para os grupos con persoas que foron contestadas na pregunta anterior. Recordarlle ao entrevistado o número de persoas que indicou na pregunta anterior.

Posto de traballo	B) Número de persoas con coñecementos axeitados	C) Formación
Vixilantes, conserxes, etc. Persoal cuxa actividade sexa dar informacións de primeiro contacto . Persoal que non ten que escribir. (3)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Telefonista, recepcionista. Persoal cuxa actividade principal sexa de atención ao público:. No seu traballo da informacións orais de atención básica e non precisa escribir habitualmente. (2)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Operarios, persoal de mantemento e servizos. Persoal cuxa actividade principal non implica ter contacto co exterior, nin oral nin escrito. (5)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Persoal cuxa actividade sexa principalmente administrativa. No seu traballo escribe textos breves ou de extensión media. (4)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Directivos do centro (1)		☐ Si (2) ☐ Non (1) ☐ NsNc
Outro persoal cuxa actividade implique escribir textos de diferente complexidade. Para o seu traballo debe habitualmente falar e escribir de forma correcta e fluída.: persoal investigador,		☐ Si (2) ☐ Non (1)

responsables de administración, etc. (1)		☐ NsNc
Persoal docente (1)		☐ Si (2)
		☐ Non (1)
		☐ NsNc

Uso de linguas estranxeiras

C22. No seu centro, sen ter en conta a formación impartida en lingua estranxeira ao alumnado, o persoal usa habitualmente –falan, len, escriben, escoitan– outras linguas estranxeiras diferentes ao galego ou ao castelán?

☐ Si (2)

☐ Non (1) (FINAL)

C23. (Se usa outras linguas) ¿Que outras linguas usan?

☐ Inglés	☐ Portugués	☐ Francés	☐ Outra	
Si (2)	Si (2)	Si (2)	Si (2)	
Non (1)	Non (1)	Non (1)	Non (1)	

C24. ¿Que porcentaxe representa respecto do uso do conxunto de todas as linguas no centro (galego, castelán, e linguas estranxeiras)?

% de uso

lingua
galega

Outras cuestións

C25. ¿Que porcentaxe do alumnado ten unha actitude favorable, desfavorable ou indiferente sobre a utilización do galego no centro?

Colectivo	Actitude			Ns/Nc	Total Porcentaxe
	% Desfavorable	% Indiferente	% Favorable		
Alumnado				☐	100%
PAS (persoal administrativo e de servizos)				☐	100%
Persoal docente e investigador				☐	100%

C26. ¿Cal é o seu cargo?

C27. Observacións (comentarios do enquisador/a)

